

REVISTA GALEGA DE PENSAMENTO FEMINISTA Segunda época ▶ Nº 15 ▶ Xullo 1996 ▶ Prezo: 500 ptas.

ANDAINA



ROSA DOS VENTOS:
ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PESCADORES

LITERATURA Ai que debilidade!

A IGUALDADE EN DINAMARCA

SUMARIO


- 3** Editorial
- 4** Celebridades
- 6** Denuncias e comentarios
- 9** Referencias de aquí e de acola
- 10** *Perfís: Asociación de Mulleres de Pescadores "Rosa dos Ventos"*
- 11** *O falar non ten cancelas*
- 12** Carta as mulleres improvisadoras e compositoras
- 13** Vinte anos de feminismo en Cataluña
- 17** *Dossier: "Literatura. Ai, que debilidade!"*
- 39** A igualdade en Dinamarca
- 42** Educación de adultos: "As mulleres queremos aprender". A experiencia do bairro de Vite en Compostela
- 46** Falar nosa... con nos
- 49** Receitas para sorprender

COLABORAN NESTE NÚMERO:

Katt Hernández, Abby Alwin, Carme Corbalán, Carmen Blanco, Carmen Panero, Aurora Marco, Carmen Lado, Susanne Vogelius, Annette Robson, Rosa Álvarez Prada,

REVISTA GALEGA DE
PENSAMENTO FEMINISTA
ANDAINA

Apdo. 1.058
Santiago



DIRECTORA
Ana Arellano

CONSELLO DE REDACCIÓN
Nanina Santos
Berta Rey
Milagros Becerra
Felicja Estévez
Nine Paz

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Felicja Estévez
Nine Paz

DISEÑO GRÁFICO
Uqui

FOTOGRAFÍA
Mónica Couso
(Fotos de arquivo)

Imprime
Grafisant, S.L.

D.L.: C-1.146-88

Damos-lle a benvinda a este novo verán, que ademais de traer baixo o brazo un novo Día de Celebración do Orgullo Gay e Lesbiano, tamén nos trouxo un novo Código Penal, unhas novas ministras, os xa coñecidos xuízos por aborto e unhas novas e máis altas taxas de paro para a Galiza. Pero non todo son más novas, polo menos algunhas de vós poderedes desfrutar dunhas merecidas vacacións; para outras, en cambio, será unha das poucas épocas do ano na que teñades oportunidade de traballar; e para outras moitas non haberá vacacións porque seguerán a ter que lavar a roupa, coidar dos cativos e facer a comida, porque por experiencia sabedes que aínda en vacacións se segue a comer e a ensuxar todos os días.

E as que marchades -ou ficades- de vacacións a ver se vos atrevedes, porque nestes tempos que corren, hai que preparar as vacacións con moita antelación: unha non pode poñer-se de vacacións sen antes non ter resolto ese grave problema de celulite (para o cal podemos mencionar seis ou sete produtos distintos que en un par de semanas deixan un corpo ao Cindy Crawford), ou de adelgazamento (ídem que o anterior), ou que leite solar utilizar para que o pel se manteña fresco como unha rosa, por non falar da grave responsabilidade que supón elixir a nova moda primavera-verán ou os tonos de maquillaxe axeitados para cada cute. E toda esta serie de importantes decisións fican pequenas se nos vemos na necesidade (Deus non o permita!) de decidir entre un limpador con bioalcohol ou con micropartículas de osíxeno.

Pero se o mundo da publicidade aínda non puido con vós e pensades que poderedes



sobreviver tal como sodes, e mesmo estar bastante contentas con vós mesmas, o verán tamén pode ser un bó momento, non só para ler Andaina senón tamén para cultivar-nos algo, divertir-nos e mesmo decidir-nos a experimentar coa nosa creatividade; neste número de Andaina podes topar razóns e experiencias varias que poden animar-te a intentá-lo. É a tua oportunidade de desconectar de "paspas chiquitíns" e outras variedades e dar-te a oportunidade de coñecer que fan outras mulleres en diversos eidos das artes: literatura, música, pintura... e descobre que ademais tamén pode ser divertido! ●

editorial

CELEBRIDADES



Pura Vázquez, premio Trasalba 1996. A Fundación Otero Pedrayo concedeu por unanimidade o premio deste ano á poetisa ourensá. Na acta de concesión sinala-se o labor cultural ao servizo de Galicia desenvolvida durante toda a súa vida de escritora, tanto no xénero da lírica como no da literatura infantil. Outro dos factores que incidiron na nomeación foi a súa especial relación con Otero Pedrayo, do que foi aluna durante dous anos e con quen mantivo despois unha relación de amizade.

Despois de máis de sesenta anos adicados á creación literaria, Pura Vázquez pasa por ser unha das máis destacadas poetisas galegas. A súa obra está recollida en máis de trinta libros, escritos en galego e castelán. A máis dos libros de poemas, ten tamén pezas de teatro infantil e unha novela. Actualmente está a traballar nun libro de memorias. ●

Tina Turner, con 56 espléndidos anos volve a namorar nos escenarios. Considerada "a avoa do rock", carrocería e xuventude bailan con ela sen cansazo animadas pola música e a visión dunhas ben fermosas pernas que moitas enveixamos. No mes de agosto visita Vigo, unha boa oportunidade para ve-la e escoita-a. ●



A Organización da Muller Mozambiqueña

en Cabo Delgado propuxo desfilar nugas como medida de protesta contra a guerra.

Nun seminario realizado no mes de Maio en Macomia en preparación do próximo congreso da OMM, as delegadas propuxeron a organización dunha marcha pacífica de mulleres nugas para protestar contra as tendencias de regreso á guerra.

De acordo coa proposta, as mulleres marcharian nugas en dirección ás residencias dos dirixentes polí-

ticos e ás sés dos partidos que responsabilizan da inestabilidade no país. O xesto pretende simbolizar a nudez da miséria que a guerra impón aos mozambiqueños e en particular á infancia.

Noutro encontro da OMM en Montepuez, as delegadas debateron tamén a organización dunha folga de sexo polo período de un ano, como forma de presionar aos homes a abandonar actitudes guerreiras. No entanto, o proxecto acabou por ser abandonado, por ter sido xulgado de difícil im-

plantación, sobre todo no caso das mulleres casadas.

As mulleres e os rapaces das áreas rurais constitúen o grupo máis afectado polos estoupidos das minas que restan da guerra. A maior incidencia de vítimas entre as mulleres debe-se ao feito de que o traballo do agro é tradicionalmente feminino e a que a limpeza das minas no campo pospuxo-se en favor das zonas urbanas e suburbanas.

Como vedes as propostas son orixinais e atrevidas. Non estará de máis tomar nota para futuras movidas. ●

CELEBRIDADES

Willie Brown,

alcalde de San Francisco, de 62 anos e primeiro alcalde negro desta cidade, a máis de ser un firme defensor das políticas de acción afirmativa para as minorías, está en contra da pena de morte. Quere reducir, non aumentar, as penas para os delinquentes, trata a prostitución como un problema sanitario non policial, acepta os matrimonios entre homosexuais e adica a maior parte do seu presuposto á loita contra a sida. E como colofón das propostas, ofertou as pandillas da rua que destinasen xente para



facen patrullas nos autobuses, " como intento de involucralas na seguridade pública", segundo dixo un dos seus asesores....

Estamos a falar dun estado de USA?. Pois si, aínda que non o pareza. San Francisco é o único lugar posíbel de todos os Estados Unidos onde estas propostas poden-se facer. E até máis gañar. ●



Mary Prince,

non tivo sorte no torneo de Roland Garros, pero conseguiu a atención de prensa e público co seu vestido de amplo escote deseñado por Nike. Non sempre se pode destacar en todo. ●

Alí atrás a Xunta

estivo algo alterada co cartel da festa de Dozón. Unha vaca coas tetas esaxeradas (eran tetas de muller, no eran ubres precisamente) recomendando "**A galega está boa come-a**". O alcalde do PP D. Adolfo Campos Parnadeiro, sen entender o rebumbio; peores cousas ven-se pola tele, opinou el. Aos representantes da Xunta, colaboradora da edición do cartel, se lles pasou por alto a existencia de calquer visión denigrante para o xénero feminino, até que son denunciados pola oposición. Vázquez Portomeñe de pregonero da Festa, e Dona Manuela López Besteiro sen saber onde esconder-se ante o bochorno, reclamando a retirada do cartel

E da pobre vaca, que sempre lle toca ser emblema deste país, ninguén se acordou. ●

120 mulleres da II República

recibiron unha homenaxe no pasado mes de Maio na Librería de Mulleres de Madrid. Case todas elas se coñecían, coincidiran no fronte, no cárcere, nalgún campo de concentración ou en hospitais e moitas levaban máis de cuarenta anos sen ter noticias das suas amigas e compañeiras.

Moitas destas mulleres exiliaron-se a Francia despois da guerra civil e algunhas delas continúan a vivir aínda nese país. Entre elas, Ana, quen con case 80 anos propuxo ás organizadoras acudir a Madrid en "auto-stop", para aforrar gastos.

Valentía e coraxe non se perderon cos anos. ●

Edith Jones,

de 51 anos pode convertirse en nai do seu propio neto. Ante a imposibilidade da súa filla Suzanne de ter fillos, esta muller británica, ofreceu-se para que lle implantasen dous embrións criados a partir de óvulos da súa filla e seme do marido de ésta.

Está claro a xenerosidade da nai que lle cede o corpo á filla, e tamén que as posibilidades da ciencia superan as da bioloxía. Que ninguén se asuste, iso pasa moitas veces.

Sorprende-nos que unha muller quera ter fillos a esa idade, pero ninguén se altera cando homes de máis idade deciden ser pais. A decisión da muller para ter ou non fillos debería-se ter máis en consideración cá idade e a relación familiar. ●

Un goberno con 4 ministras...



... e menos mulleres nos altos cargos da Administración. Catro mulleres no goberno é até agora o record alcanzado en toda a historia de España. Mais este brillante escaparate desloce-se en canto baixamos a nivel inferiores: 2 secretarías xerais e 12 directoras xerais, nengunha secretaria de estado e unicamente 2 subsecretarías.

As melenas loiras que tanto espantan a Maruja Torres (adicou varias columnas reivindicativas do roxo intenso ou o negro dos cabelos das mulleres para se distinguir da moda loira que impera) apenas destacan na paisaxe azul e con garabata da Administración, nen sequera a de Isabel Tocino.



Tráfico de Mulleres, un negocio para as máfias europeas

Anita Gradin, comisaria europea que atende os asuntos de Inmigración denunciou na Conferencia sobre a Trata de Mulleres a situación de moitas mulleres victimas do tráfico sexual en Europa. Segundo as estimacións o número de afectadas pode ir de 200.000 a 500.000, na merirande parte procedentes da Europa do Leste, que agora substitúen neste triste papel ás mulleres procedentes de América Latina ou Asia.

Este tráfico resulta ser tanto ou máis lucrativo para as máfias que o contrabando de droga e, a maiores, é tamén menos castigado. A situación de ilegalidade na que se atopan, favorece a explotación destas mulleres por parte dos traficantes, que as obligan a traballos forzados, sen contrato e na economía submerxida ou a prostituírse.

As primeiras universitarias galegas

As aulas da Universidade de Santiago estiveron pechadas ás mulleres até 1914, ano en que se graduaron as primeiras licenciadas. Daquela as mulleres apenas representaban o 0,9 do alumnado, mentres que hoxe son maioría (o 64,8% en Santiago e o 57% de media entre todos os campus galegos).

Dentro dos actos do V Centenario da Universidade de Santiago, rendeu-se homaxe ás primeiras mulleres que pisaron as aulas santiaguesas, Elisa e Jimena Fernández de la Vega, licenciadas en medicina en 1919, Eugenia Pereira Rodriguez, en farmacia en 1922, Luisa Cuesta Gutiérrez, primeira profesora auxiliar da universidade e Aida Méndez primeira doctora en ciencias. ●

Contra o despedido dunha transexual

Seguimos de tribunais, esta vez o da Unión Europea, que dictou unha sentenza favorábel a un mestre despedido en 1992 por cambiar de sexo. Segundo este tribunal, o principio da igualdade laboral entre homes e mulleres debe extender-se tamén aos transexuais porque o principio de igualdade é un dos que informan todo o ordenamento europeo e o dereito á non discriminación forma parte dos dereitos humanos fundamentais que deben garantir-se.

Non sabemos se finalmente o profesor, antes profesora, retornou ao seu posto de traballo pero non hai dúbida de que sentencias coma esta abren camiño e mentes.

Máis discriminación e máis acoso sexual

Segundo informes presentados polos sindicatos, os sectores de limpeza de oficinas e o sector agrícola constitúen os focos de denuncia máis importantes por acoso sexual e discriminación contra a muller.

A discriminación prodúcese xa moitas veces desde o contrato onde se recolle un salario inferior para as mulleres, encuberto moitas veces baixo categorías femininas como a de limpadora (non existe a categoría de limpador).

As denuncias son pequenas en comparación coa realidade, é difícil demostrar a discriminación e o mercado laboral non está para arriscar o posto de traballo, máis os datos cantan. No último trimestre do ano 1995 as mulleres gañaron 60.000 ptas mensuais menos que os homes (Cuestionario de Salarios do Instituto nacional de Estatística) En Galiza esta media baixa a 43.000 ptas., a palma por arriba leva-a Asturias, 77.000 ptas. menos, e por baixo Baleares con 36.000 ptas. ●



O ritual do matrimonio católico xa é politicamente correcto

No pasado mes de marzo editou-se en España o novo ritual do matrimonio que corrixe anteriores expresións discriminatórias contra a muller.

Agora a fidelidade xa non é obrigación exclusiva da muller, a bendi-



ción de Deus invocada antes só sobre a esposa e a mención aos deberes desta, modifica-se para rogar por ambos á vez que fala-se tamén de deberes comúns. As arras, anterior símbolo da aportación da muller ao matrimonio, entregan-se no novo ritual por parte dos dous cónxuxes.

Estas modificacións foron aprobadas hai seis anos polo Vaticano, pero xa se sabe que os ritos e tradicións son lentas de cocinar, tanto que hai veces que cando chegan, a noticia parece recollida das revistas de moda *kich*. ●

Extirpación do clítoris, practica aberrante; delito, seña de identidade?

En contra do que ás veces se pensa a clitorotomía non é unha práctica directamente relacionada co Islam máis que casualmente nalgúns territorios africanos, e é común tamén entre algunhas culturas cristiás coptas ou entre os xudeos falashas procedentes de Etiopía.

En Somalia ou Yibuti afecta a un 98% de mulleres; en Etiopía, Sudán e Serra Leona ao 90%; en Malí o Burkina Faso a máis do 70%; en Exipto as cifras oficiais son do 50%, mais outras estimacións din que no campo pode chegar ao 90% e nas cidades ao 70%. En total fala-se de que ao redor de 6.000 mulleres son mutiladas cada día.

A emigración africana, cada vez máis numerosa polas ínfimas condicións de vida en moitos países dese continente, traslada a occidente o debate sobre este ritual cruel practicado sobre as mulleres.

O senado de USA aprobou que se considere a ablación feminina un delito federal e se debate dar asilo político ás mulleres que xustifiquen este motivo (sempre e cando perigue a sua vida de quedar-se no país, non vale que teñan que afrontar a marxización social ou económica). En Francia está castigado desde 1992 con penas que poden chegar a 10 anos; en Inglaterra é delito desde 1985; en Holanda pese a que unha comisión encargada de estudar o tema en 1992, recomendou a permisividade, as numerosas protestas que acarreeu este resultado, lograron que non se lega-



Fanzinya Kasinga; reclama o asilo político en USA para escapar da extirpación.

lizase en España é tamén delito e foi en Cataluña, onde a poboación de orixe africana é máis numerosa, onde o debate saiu á luz pública a raíz de xuízos contra inmigrantes.

Para salvar a ilegalidade é habitual que as familias procedentes deses países aproveiten as visitas ocasionais aos mesmos para practicar a clitorotomía ás fillas.

Se efectúe nun lugar ou noutro, cousa difícil de probar, a condena sen máis non soluciona o problema, pola contra moitas veces o agrava porque contribue a que se faga en peores condicións.


Está claro que debemos rexeitar esta práctica aberrante contra as mulleres, sexan de onde sexan e vivan onde vivan, pero cando non se entende a prohibición, cando os guetos son o único espazo para os emigrantes, cando o rexeitamento fai pesar aínda máis a necesidade de defender a propia identidade, as leis pouco ou nada poden facer. ●



Nenas somalís, vestidas co atuendo tradicional islámico.


Aborto libre e gratuito na rede sanitaria pública

Seguro que vos sona a consigna, pois hai que sacala de novo do trasteiro, ultimamente os xuízos e condenas por aborto volven a ser noticia: A pena de dous de prisión e seis de inhabilitación para dous médicos en Barcelona por un delito de aborto, foi confirmada polo Tribunal Supremo, por considerar que non existía perigo para a vida da muller. En Oviedo o fiscal pediu catro anos de cárcere, 10 anos de inhabilitación e cinco millóns de multa para tres médicos por un aborto practicado en base a un dos supostos legais.



Gerrit Jan Bosma, un dos médicos condenados en Barcelona.

A despenalización parcial do aborto foi un remendo mal feito que non contentou a ninguén. O novo Código Penal, coa dereita na porta do goberno, deixou as cousas como estaban, mal. A ideoloxía dos xuíces e fiscais reflicte-se tamén nas sentencias e pode que haxa quen se sinta máis protexido co goberno do PP para condenar. Hai que estar alerta e coa consigna limpa e planchada para saír a rua. ●



Non é herexia

Un tribunal da Igrexa Episcopal norteamericana rexeitou a acusación de herexia dirixida contra un dos seus bispos, por ordenar diácono a un homosexual que convivía coa súa parella.

O tribunal eclesástico considerou que non había nada en materia de doutrina que impedise a ordenación dun homosexual non solteiro, polo que rexeitaba a acusación de herexia contra Walter Righter, realizada en 1990 por outros 77 bispos da súa igrexa por ordenar diácono a Barry Stopfel, homosexual que convivía con outro sacerdote da igrexa Unidade de Cristo.

Candidatura de mulleres para as eleccións europeas

O Colectivo Lambroa e o Partido Feminista iniciaron unha serie de contactos con diversas organizacións do Estado Español para promover unha candidatura de mulleres para as próximas eleccións europeas.

A idea inicial é formar unha confederación de organizacións feministas que sirva de plataforma para a difusión do proxecto, recollida de firmas, financiación, etc. as siglas da candidatura serían "MUJERES S. XXI".

Polo de agora teñen presentado o proxecto en diversas cidades españolas e tamén na Conferencia de Pekín. En Galiza fixeron a presentación en Pontevedra e Santiago.

De momento e polo que podemos escoitar por parte de quen veu facer a presentación, a cousa está aínda bastante "verde". Os proxectos poden facer-se con papel e lápiz, mais o traballo que require leva-los á practica é-che cousa ben distinta. Todo iso sen considerar que a discusión non está máis que esbozada. O feito de ser muller e de ter conciencia feminista non significa que se teñan as mesmas ideas en todo, as nosas simpatías e antipatías poden-se repartir entre as diferentes opcións incluída a de rexeitar a competitividade política.

De seguir adiante coa proposta teremos unha discusión interesante, algo positivo sempre. ●

“E

n xeral, as mulleres coñecen máis cantos que os homes. As suas execucións, ademais, son dignas de maior confianza. Hai moitas razóns que xustifican esta diferenza e, por certo a diversidade do traballo non é a última delas, en canto o propio do home non constitue un fácil estímulo ao canto. Tamén contribúe a iso unha certa atitude de burla, moi frecuente nos nosos días, a respecto de aquelas “parvadas” que son os cantos.

Por outro lado, nen sequer a taberna conforma xa unha boa ocasión para manter viva a tradición musical vocal. Os atractivos dunha reunión entre amigos son agora distintos e ninguén pensa xa en divertir-se cantando. E a todo o xa dito asocia-se o feito moi frecuente de cantos ligados a determinadas usanzas populares que en tempos máis antigos, debían ser cantados só por mulleres: así os cantos nupciais e as nenias. Comprenderá-se entón perfectamente ben por que na maior parte dos casos cómpre ir cara o sexo débil para recoller algo interesante e valedeiro. Os campesiños que segundo a opinión xeral da aldea saben de memoria unha infinidade de melodías son chamados “árbores de canto”. Pois ben, a “árbores de canto” feminina ofrece maiores garantías que o masculino, porque este último, en cambio, oculta o risco de facer-nos coñecer cantos retomados de distintas rexións. E eses cantos nada teñen a ver coa aldea!”

Bela Bartok

¿Cómo e por qué debemos recoger la música popular? 1935-1936.
“Escritos sobre música popular”. Ed. S. XXI, México. 1979; pp. 56.

“Entre os homes que receberam a existencia, os que foron covardes e pasaron a sua vida na inxustiza foron, segundo as probabilidades, metamorfoseados en mulleres no seu segundo nacemento”.

Platón

Timeo, o de la naturaleza. Diálogo.
Versión de Patricio Azcárate. EDAF. Madrid, 1972; pp. 948.

Mulleres ao volante

Foi unha muller quen efectuou o primeiro percorrido de longa distancia en automóvel. O seu marido, o enxeñeiro Karl Benz deseñou e fabricou o primeiro auto que funcionou con motor de gasolina. Pero en aquela época ninguén tiña fe no automóvel; os seus críticos afirmaban que non tería aplicacións prácticas. Un mencer de agosto de 1888, a señora Berta reuniu os seus dous fillos maiores e os instalou na criación do seu marido, mentres este aínda durmía, e emprendeu unha viaxe histórica: de Mannheim até Pforzheim, a 110 montañosos quilómetros de distancia.

Foi unha viaxe difícil e chea de aventuras. O pequeno motor de pouco máis de un cabalo de forza subían unha costa tiñan que baixar-se e empurrar del. Se ían costa abaixo, as zapatas de freo, feitas de coiro, gastában-se. Houbo que recurrir aos zapateiros nos povos do camiño para cambiá-las por outras novas.

Cando o mecanismo de encendido se descompuxo a Señora Berta utilizou unha das suas ligas para repará-lo. Para conseguir gasolina tivo que andar de botica en botica mercando-a por botella. Pero o valeroso trio logrou o seu propósito e cinco días despois facían a viaxe de regreso. Berta Benz probara que o vehículo do seu home podía trasladar persoas a longa distancia.

Referencias

DE AQUÍ E DE AQUELLA

ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PESCADORES "ROSA DOS VENTOS"

"Somos a voz dos nosos homes"

A asociación de mulleres de pescadores "Rosa dos Ventos" constituímosla oficialmente dende o ano 1991. Organizámonos ó constarmos, na nosa experiencia cotiá, que a situación que vivimos cada día non é a que corresponde a unha familia na que o marido traballa en condicións normais e regresa á casa para compartir coa muller e os fillos as relacións propias dun núcleo familiar.

A marxinación laboral, familiar e social é unha evidencia no seo das nosas familias. Os pescadores padecen toda serie de irregularidades no traballo, tanto nas relacións laborais como na vida a bordo. As súas reivindicacións son escasas, dado que, en caso de alzaren a voz expóñense a perder o posto de traballo. A súa ausencia no fogar pódese prolongar ata sete meses, e asúa integración na sociedade é case nula, xa que por mor das súas curtas estancias en terra non poden participar nas decisións da súa localidade, como son as asociacións de veciños, a escola dos fillos e, o que é aínda máis grave, nen sequera teñen opción a votar na elección dos representantes políticos porque dende a mar non é posible facelo.

Nosoutras, as mulleres, temos que asumir un dobre papel, tanto no fogar –na tarefa da educación dos fillos– como na sociedade, dende onde habemos reclamar os dereitos dos nosos maridos no seu duro traballo cheo de irregularidades. Perante esta realidade non podemos dicir que nos sintamos marxinadas como mulleres, xa que a nosa voz e a nosa xestión teñen unha resonancia efectiva. A nosa vida en soedade fainos espertar ante a dificultade tan grave que nos tocou vivir.

"Rosa dos Ventos" ten a súa área de extensión nas Rías Baixas. Está integrada por mulleres de pescadores de Baiona, Vigo, Cangas, Bueu, e Marín, onde xurdiron pequenos grupos motivados por conflitos no sector: marisqueo, convenios colectivos, accidentes e mortes, etc. A primeira actuación como Colectivo de Mulleres xorde na defensa da seguridade e o salvamento marí-

timos, no ano 1990, e coa crítica á Plataforma Cidadá, que se elaborou con motivo do peche do caladoiro de Namibia.

A asociación, xa legalizada, segue a súa loita pola seguridade a bordo efectuando convocatorias públicas ó respecto, e participando nas sesións promovidas pola UE, tanto en España como en Luxemburgo. Propón, tamén en convocatorias públicas, a aplicación da legalidade nas contratacións e dereitos sociais. A intervención nos medios de comunicación é unha posibilidade sempre aberta para as críticas e reivindicacións, ofrecéndonos unha plataforma para sensibilizar a sociedade.

Son importantes para a nosa asociación as relacións internacionais, entre as que se destacan as mantidas con grupos de mulleres de pescadores dos países europeos, coas que se celebran regulares encontros, da mesma maneira que con outros colectivos do sector pesqueiro en Francia, Portugal, Tailandia, Filipinas e Senegal. A presenza na UE ten especial relevancia para a nosa asociación, onde se fai constar a difícil situación da familia do sector marítimo-pesqueiro.

Desde esta páxina de *Andaina*, que nos permite expoñer a nosa realidade, animamos a tódalas mulleres de pescadores a que se unan á nosa tarefa, porque estamos convencidas de que *"a forza liberadora no mundo marítimo está nos pescadores e nas súas familias, cando unidos buscamos camiños de xustiza e dignidade"*.

Elisa Rodríguez Cameselle
Presidenta

"ROSA DOS VENTOS"
Pi i Margall, 75 entrecán
36202 VIGO
Tfno. (986) 433171

O FALAR ... NON TEN CANCELAS



► O xornal "El País" celebrou por todo o alto a conmemoración dos 20 anos que leva na rúa. A moitas nos chamou a atención o suplemento cultural Babelia adicado a este tema: en dobre páxina e a toda plana, as fotos e nomes dos colaboradores máis sinalados destes anos. Dos 98 "caretos" unicamente 7 mulleres. E iso pasa no xornal de maior tirada, e en cultura, onde sempre pensamos que tiñamos a porta de entrada máis franca que noutros avatares. Non vos conto o que pode ser no resto, demasiado triste. •

► O parroco da Virxen da Consolación de Nereto (Italia) lanzou unha peculiar campaña sobre a forma de vestir das mulleres. Anunciou o regalo dunha manzá a toda aquela que levase a saia demasiado curta ou escote pronunciado. "A minisaia está ben para ir ao bar, mais non para presentar-se na igrexa, porque perturba a oración", dixo.

A súa prédica levou-na até unhas octavillas coa figura da mazá onde explica que foi tras come-la que Eva e Adan se decataron que estaban espidos.

Os deseñadores de moda veraniega e os vendedores de froita poden investigar a relación para próximas campañas publicitarias. Con Don Silvio, así se chama o párroco, co seu traxe talar e o teléfono móbil que adoita levar, seguro que as top-model non terían nada que facer.. •

► O Instituto Nacional do Menor de Venezuela esixiu que fose suspendida a emisión da telenovela colombiana *Geminis*, que narra a historia dunha muller que descobre unha relación homosexual do seu marido.

E dentro deste rebumbio, o mellor as declaracións dos propios actores da serie, quen axiña se encargaron de facer duras críticas á bisexualidade e advertir a todo mundo que eles son heterosexuais. Para machos eles, faltaría máis!. •

► As mulleres que querían participar no desfile de San Marcial nas festas de Irún, recibiron ameazas dalgúns compañas de homes consistentes en "dar un par de tortas" ou lanzar-lles ovos. No desfile conmemora-se unha victoria militar do século XVI e segundo o alcalde do pobo, D. Alberto Buen, "a participación da muller como soldado, desvirtuaría de forma importante o que eran as milicias forais".

Debe pensar este señor que os reloxo de pulsera, os teléfonos moveis, o ruído dos coches, os traxes das autoridades e un longo ecétera reproducen á perfección o ambiente daquelas milicias. •



► O portavoz popular no Parlamento Galego, Daniel Barata, rexeitou a necesidade de regular as parellas de feito, que propoñía o grupo socialista con apoio do BNG, mais recoñeceu que esta cuestión volvería a debater-se máis veces na Cámara porque "a realidade social nos vai obrigar".

En que quedamos?. É necesario, non o é... admiten que é unha realidade social mais non ven a necesidade de regular situacións que están fóra das normas actuais. Daquela, para que se fan as leis?, para gardar nos libros ou para a sociedade? •



Daniel Barata.

carta as mulleres

IMPROVISADORAS E COMPOSITORAS

! KATT HERNANDEZ E ABBY ALWIN (*)

Queridas mulleres músicas:

Escrebemos-vos para presentar-vos a Coalición de Mulleres Compositoras e Improvisadoras (CWIC)¹. Esta organización está concebida como unha rede para mulleres adicadas á improvisación e á composición musical. É evidente que as mulleres estamos en clara minoría no mundo da improvisación e a composición. Coidamos que isto é unha clara manifestación das condicionantes educacionais e sociais: as investigacións demostran que comezan xa na primeira infancia, cando a creatividade e a capacidade de liderato son-nos inibidas.

CWIC busca resolver estes problemas:

- ▼ animando a participación de mozas e mulleres en actividades creativas.
- ▼ expoñendo a estudantes de todas as idades e xéneros a imaxes de mulleres líderes e criadoras de música.
- ▼ axudando a mulleres a aprender a actuar con seguridade onde hai moitos máis homes que mulleres e a aumentar a consciencia dos homes sobre estes problemas.
- ▼ promovendo a comunicación entre mulleres en interpretación, composición, e métodos educativos.
- ▼ animando intercambios entre mulleres de distintos niveis de experiencia.
- ▼ criando unha folla informativa e un arquivo informático de mulleres criadoras de música do pasado e do pre-



sente. estes materiais poderían estar dispoñibles en papel para quen non teña acceso á rede.

- ▼ organizando activamente concertos públicos, forums e festivais para mulleres improvisadoras e compositoras.
 - ▼ animando á investigación sobre as contribucións creativas que as mulleres fixeron ao longo dos tempos.
 - ▼ explorando as contribucións que as mulleres aportan ao proceso creativo.
- Se as mulleres nos xuntamos, a voz colectiva que emerxa axudará a potenciar a carreira creativa de cada muller. Aínda máis, esta voz colectiva será un instrumento para incrementar a consciencia de toda a xente sobre a necesidade de equilibrar a balanza do xénero nas actividades creativas e en todo enri-

quecemento artístico, o cal beneficiará inevitablemente a cada unha das persoas que traballan coa música.

Este semestre CWIC esta-se promocionando, organizando encontros de improvisación de mulleres en campus universitarios e programando para Maio un concerto composto enteiraemente por mulleres. Estamos planeando organizar para o verán un simposium no que habería unha charla, debate, obradoiros para mulleres improvisadoras, compositoras e profesoras ademais de algunhas actuacións. •➤

(*) Abby Alwin e Katt Hernandez, co-directoras do programa "In Jazz and Contemporary Improvisation" da Escola de Música da Universidade de Michigan.

¹ CWIC é unha axencia integrada na GATCM (Alianza Global para o Ensino da Mestría Musical Creativa). GATCM é unha nova organización internacional fundada para promover experiencias creativas –improvisación e composición– en todos os niveis do ensino musical. Para máis información sobre GATCM, contactar con:

Ed. Sarath; Director, Program in Jazz and Contemporary Improvisation, School of Music, The University of Michigan, Ann Arbor, Mi. 48109.

Internet address: sarahara@umich.edu

20 anos de feminismo en Catalunya

No pasado mes de xuño máis de 3.000 mulleres reuniron-se en Barcelona para celebrar os 20 anos de feminismo catalán. Adxuntamos un resume do comunicado de prensa que nos enviaron.

Máis de tres mil mulleres procedentes de toda Catalunya, de todas as idades, opcións sexuais, étnias, culturas, ideoloxías e co soporte e a participación de máis de 160 grupos de mulleres do Movemento Feminista, atopámonos nas Xornadas *20 anys de Feminisme a Catalunya*. A marxe das consideracións de cada grupo de traballo, as participantes nas Xornadas pedían que este encontro servise para propiciar un espazo político de relación entre os diversos grupos de mulleres, para incidir e participar activamente nos ámbitos sociais e políticos.

No último plenário destacáronse as diferentes propostas e reivindicacións que xurdiron de cada grupo de discusión.

Corpo e saúde

Hai vinte anos queriamos o aborto libre e gratuito, e seguimos a reclamálo porque aínda non é nen libre nen gratuito.

Queremos recuperar o contido dos centros de planificación, tal e como os



pensamos e que as mulleres volvan a ser protagonistas.

Aproveitando o pulo das profesionais da saúde, queremos cambiar o sistema sanitario para que frene a patoloxización e medicación do corpo das mulleres. Que supere o sesgo de xénero para ter en conta a especificidade das mulleres.

Queremos un compromiso firme de non discriminación das mulleres seropositivas, máis información sobre as prácticas de risco, síntomas e enfermidades asociadas á sida específicas das mulleres.

Relacións afectivas

Maternidade, mulleres separadas, nais soas, ... revisión do concepto de familia, creación de sentimentos desde unha nova óptica.

Saber saír da sombra para poder ver

Coller como eixos principais a diversidade, o amor e a vida. Non ceder ás chantaxes sociais, dar saída aos sentimentos e poder face-lo como persoas autónomas.



Recuperar a autoestima, afirmar a nosa capacidade como nais soas, converte-nos en donas do noso corpo, de sexo e pracer.

Traballo e tempo libre

Temos a posibilidade no marco do debate social actual sobre o reparto do

traballo de influír sobre o modelo económico actual. Rexeitamos a reforma do mercado de traballo en curso, a segregación das mulleres. Esiximos que, cando se fale de reparto de traballo, se considere o conxunto dos traballos que facemos as mulleres.

Nas propostas de actuación inmediatas para mellorar a nosa vida cotiá, formularon-se actuacións diversas, tanto no referido ao traballo productivo (acción positiva, actuacións sobre os colectivos laborais máis discriminados..) coma no relativo ao traballo reproductivo (necesidade de reparto do traballo doméstico e reproductivo).

A medio prazo, propoñemo-nos reflexionar e buscar propostas de actuación para incidir na organización social vixente: reparto de traballo, salario universal garantido, contabilización do traballo das mulleres no PIB e outros indicadores económicos...

Creatividade

Nas primeiras Xornadas Catalanas da Muller, non había ámbito de creatividade, a pesar de que o acto inaugural rachou barreiras e foi moi creativo.

Daquela o grao de reivindicación era tan grande e tan perentorio que non se contemplou a posibilidade de espazos de creación artística, a pesar de participar mulleres destes campos.

Educación e comunicación

Constatamos que a coeducación continúa a ser o grande reto do futuro, so-



bretodo porque agora temos máis elementos para saber de que estamos a falar.

Evidenciamos, a partir das experiencias coeducativas levadas a cabo, dificultades como:

► As novas estruturas organizativas dos centros que non facilitan espazos nen aceptan novas formas de coordinación.

► As dificultades para implicar ao profesorado no feito coeducativo, xa que o cambio provoca inseguridades.

► O desconcerto dos rapaces ante a experiencia coeducativa.

Na polémica de escola mixta / escola segregada, non defendemos unha escola segregada de forma xeralizada, mais contar con espazos para debater sen a presenza masculina dará ás alunas e ás profesoras oportunidades de exercer o protagonismo e de decidir sen se ver forzadas a aceptar moitos estereotipos.

En definitiva, propoñemo-nos transformar a coeducación en A Educación.

Violencia patriarcal

Constatamos a insuficiencia dos recursos económicos para facer fronte ao enorme problema da violencia.

Denunciamos as Institucións pola súa escasa dedicación a resolver as situacións de violencia familiar.

Constatamos a situación de pobreza de moitas mulleres obrigadas a separarse por motivos de violencia.

Reclamamos máis información e recoñecemento social do problema e un tratamento nos medios de comunicación que recolla a visión das mulleres.


Non aos programas morbosos e aos *reality-shows* enchidos de violencia.

Política

Fai falla utilizar a enerxía colectiva xerada polas tres mil mulleres presentes nas Xornadas para crear unha rede de intercambio de experiencia e, ao mesmo tempo, poder incidir e cambiar a política que se fai (Maastrich, Institucións estatais, autonómicas e locais..)

Queremos crear un espazo autorizado para as mulleres desde as mulleres.

Afirmamos que o movemento feminista é o espazo político das mulleres. Neste espazo debe-se dar toda a diversidade e o respecto á diferenza.



Outros

No apartado de Outros, inclúese unha serie de termos que desbordaban os aspectos temáticos propostos.

Queremos resaltar:

► As mulleres maiores desexan crear un espazo lúdico e unha rede de conexión con outros grupos.

► Muller e cárcere. Reclamamos medidas alternativas nos cárceres para mulleres con responsabilidades familiares e mulleres drogodependentes. Denunciamos a dureza do réxime disciplinario, a reprodución dos estereotipos nas actividades dos cárceres e a dobre discriminación das mulleres estranxeiras.



► As bolsas de pobreza das mulleres maiores soas e a problemática das mulleres separadas.

Reclamamos o dereito a pensión non contributiva de velez e invalidez para

as mulleres de máis de 85 anos sen ingresos.

► En relación ao tratamento penal de acoso sexual, reivindicamos a súa ampliación ao acoso por parte dos compañeiros de traballo. Establecer códigos de conduta na Administración e nas empresas como medida preventiva.

► Tamén recuperamos a historia de 20 anos de feminismo con grupos como DAIA, e foi moi importante a aportación das mulleres do 36.

► As mulleres da Igrexa católica constataron que a súa participación representa un 85% do traballo de servizo gratuito e evidenciaron o desorde que están a crear dentro da Institución eclesiástica.

► As mulleres inmigrantes tratamos dos avances dentro do campo do asociacionismo, falamos da segunda xeración que naceu aquí, evidenciamos a feminización da inmigración e reclamamos unha relación máis grande e máis normalizada coas mulleres autóctonas

► Mulleres xoves constatamos a difi-

cultade de sincronía entre a visión adulta e a xove, tanto no discurso como no feito vivencial.

Con mulleres de la Ex-Iugoslavia reclamamos que se derroque o apartado cuarto do decreto De Xenebra de 1949 para que a violación se considere crime de guerra.

► As teóricas feministas cremos que é interesante clarear os focos de debate que restan pendentes dentro da teoría feminista e/ou o movemento feminista: autoridade feminina e poder, construción simbólica da maternidade, etc...

► As publicacións da SAL, os espazos de mulleres, a solidariedade e o antimilitarismo, as mulleres e a cidade (e a cidade e as mulleres) e a filosofía tamén estiveron presentes.

Constatamos que estas Xornadas non eran un final senón o principio dun traballo e que fai falla continuar discutindo para que o proxecto inicial, concebido como un proceso descentralizado e polifacético de reflexión e debate, continúe. •

PUBLICIDADE

SERVICIO DE ASESORAMENTO DAS MULLERES

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o *Servicio de Asesoramento das Mulleres*.

Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na **Rúa Acibechería nº 16, 2º**.

■ **Horario de atención ó público**

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

18

Feminismo e novela feminina

23

A casa tomada: o hoxe da literatura das mulleres

29

Herminia Fariña Cobián

32

Falemos de Dona Inés

35

Do gosto por ler á tentación de escribir

LITERATURA


Ai, que debilidade!





feminismo e NOVELA feminina

! CARME CORBALÁN



1. Desde unha muller que escribe... ao peso do feminino na literatura actual.

Esta constatación conduce-nos ao *Cuarto de seu* de Virxínia Wolf.

Virxínia Wolf establece con acerto as coordenadas nas que o traballo creativo é posíbel: un cuarto de seu ou o que é o mesmo, espazo, tempo e cartos propios. Só nestas condicións e socialmente, as mulleres teñen aparecido nun número apreciable, con nomes propios, no mundo creativo literario ou artístico en xeral.

As excepcións aparecen en dous terreos: o lírico-místico e o ético-pedagógico. Terreos, illas posíbeis onde algunhas mulleres atoparon a cota de liberdade necesaria: o mundo relixioso e o da instrución pedagóxica.

Igualmente excepcional é o protagonismo da muller: escribe-se pouco das mulleres. É Boccaccio coa súa obra *De mulieribus claris* quen racha coa tradición *De vires illustres*. Esta biografía co-



lectiva non é outra cousa que a posta de manifesto do extraordinario, as *Clarae mulieres*, as excepcións do universal "muller". Ten a graza de dar cor ao monocromático e androcéntrico retrato dos "vires illustres"; e, a mostra das excepcións, contribúe a confirmar a regra: fixar un ideal paradigmático, "o eterno feminino", que diría Simone de Beauvoir.

O consenso sobre este arquetipo feminino é xeralizado en toda a literatura do Renacemento e do Barroco. Unha muller como Cristine Pizan dá-lle un xiro ao asunto na súa *Cité des Dames*. En vez de propor exemplos a imitar, denuncia as misérias do paradigma -do universal- como fruto da falta de instrución das mulleres, e denuncia a inxustiza de culpabilizar á natureza feminina destas eivas.

C. Pizan está dentro desa tradición de mulleres e homes que comparte a utopía da instrución. De Sor Xoana Inés da Cruz a Maria Zayas, Rosalia ou E. Pardo Bazán, e o elenco de mulleres do XIX.

Da forza da tradición ético-pedagóxica nas mans femininas dá-nos conta Paul Hazard¹, referindo-se ao importante lugar das pedagogas e institutrices na xestación da literatura infantil, contos e tratados de didáctica, da tradición de contistas infantis na Franza de XVIII, Mme. de Genlis, de Beaumont, de Ségur, etc...

E. Pardo Bazán no capítulo adicado á novela inglesa do XIX na *Cuestión Latexante*², pon de manifesto a grande presenza de "institutrices e pedagogas" entre o elevado número de novelistas que produce a Inglaterra dos últimos anos do XVIII e primeiros do XIX: as Miss Edgeworth, Austen, Russell Milford, Wollstonecraft, George Elliot...

Conviñamos en situar no XIX e no eido da narrativa inglesa o florecimento da escrita feminina cun nome propio: xa non máis Mme. de, xa non pseudónimo, xa non anonimato.

Xorde un número realmente impresionante, suficiente en calquer caso para poder falar da existencia dunha novela feminina, que lle fai dicir á Pardo Bazán:

"(...) comezaba xa a congregarse no eido da novela inglesa a morea de novelistas-femias que tanto influíu e inflúe no carácter de aquel xénero literario, prestando-lle especial sabor pedagóxico e ético: comezaban as mulleres a conquistar o territorio que hoxe señorean".



Simone de Beauvoir.

A outra novidade que acompaña esta importante presenza cuantitativa é a pluralidade de temas e xéneros:

- *Frankenstein*, Mary Wollstonecraft.
- *História da Franza*, Mary Yonge ou as recopilacións de lendas da irlandesa Sidney Morgan.
- Os inicios da novela gótica, Ann Radcliffe.
- Unha novela de tan importante repercusión social como *A Cabana do tío Tom* é escrita por unha muller, Harriet Beecher Stowe.

Salientan como figuras de primeira categoría as Brönte e a citada G. Elliot. E todo isto mália atitudes tan fortemente misóxinas coma as dun Menéndez Pelayo ("estas novela yo no sé qué les pasa que le hacen a uno bostezar").

Tamén o XIX é rico en novelas escritas por homes cunha protagonista feminina,

"A novela contemporánea apresenta, e en todos os países, un grande número de escritoras cun peso específico na literatura."



eixo de non poucas das grandes novelas: as adúlteras de Clarín, de Flaubert, de Tolstoi; as prostitutas de Guy de Maupassant, ou de Zola... En adiante a presenza vai ser constante.

A novela contemporánea presenta, e en todos os países, un grande número de escritoras cun peso específico na literatura.

Deste cámbio, curto no tempo, é moi consciente Virxínia Wolf cando declara a fin da Prehistoria, da Autobiografía, das Cartas, das Memórias: "A literatura feminina xa se pode concebir como arte"³.

Marguerite Duras e Julia Kristeva presentan a posibilidade real de que as escritoras acaden a madurez criadora: as escritoras xa non deben demostrar que saben escribir.

Moitas ensaístas e críticas coinciden en situar ao cabo da primeira metade deste século, o comezo dunha segunda etapa na historia da literatura feminina, definida nomeadamente pola consciencia de muller das escritoras, pola existencia dun espazo -feminino- gañado na literatura, e pola ruptura das protagonistas das súas novelas co papel, co paradigma muller, tradicional.

2. Que escriben as mulleres, existe unha escrita... de muller, feminina?

"Cada sexo describe-se a si mesmo", Virxínia Wolf.

"A muller resiste-se máis que os homes a rexeitar as lembranzas". Simone de Beauvoir.

"... a autobiografía ... é un xénero nomeadamente feminino".

É moita a tinta verquida ao redor deste asunto: a identificación duns temas-valores-procedimentos narrativos, vencellados ao sexo do escritor.

Unha posibilidade é enfrontalo desde un punto de vista crítico-sociolóxico. Delimitar un número de obras, analizar e tirar conclusións, de tal xeito que as conclusións son válidas só para este referente. Podemos-lo atopar nos traballos de Biruté Ciplijauskaitė⁴. O seu punto de partida é a constatación do elevado número de autoras que proporciona a novela contemporánea. No seu ensaio "La mujer insatisfecha" estuda a novela do XIX na que aparece reiteradamente a persoa da adúltera; B. Ciplijauskaitė pregunta-se polo tratamento que este tipo



"De efectos máis discutíveis ten sido, (...), a conformación ao fio destas influencias dunha escola crítica certamente codificada, gardiá do reparto de solvencia feminista (...)"



feminino tería de ser mulleres as autoras destas novelas. No seu segundo título *La novela feminina contemporánea (1970-1985)* considera a novelística posterior, nos anos de maior influencia das correntes feministas, co obxecto de pescudar a existencia dunha tipoloxía de "nova escrita" -ou nova novela- feita por mulleres.

A súa conclusión é que, efectivamente, nestes 15 anos que van desde o 70 ao 85, aparece na narrativa feminina unha boa cantidade de obras en primeira persoa, cunha tipoloxía de xénero, coa pretensión de crear un estilo feminino e orientada conscientemente a persoas lectoras do mesmo sexo. Propoño seguila na súa análise polo que pode ter de clarificador.

Considera a autora que o desenvolvemento da novela feminina do noso tempo vai desde unha escrita que ten mostras de testemuña, de realismo e crítica social a unha investigación íntima, non poucas veces coa forma de monólogo interior.

O tema da liberdade xorde repetidamente situando-se a aprendizaxe neste eido co despertar da consciencia de muller, no que ela chama novela de formación. Abren-se diferentes posibilidades para ese achegamento, que se expresan tamén con distintos recursos literarios:

- A conscienciación por méio da memoria; a memoria como crónica vai transformando-se en memoria analítica, rachando estilisticamente co tempo lineal. As veces procura-se presentar unha experiencia paradigmática feminina.

- O despertar da consciencia na nena e a denuncia, como no caso de Chacel, da educación.

- A consciencia de muller centrada sobre todo no paso da adolescente á plenitude. Neste tipo a emancipación é un tema omnipresente xunto á denuncia dos códigos sociais, dos roles. Nas autoras francesas a primeira experiencia sexual aparece como punto fundamental de conscienciación.

- A maternidade presentada desde diversos enfoques: a destrutora da independencia, a continuidade dun enfoque mítico.

- A conscienciación político-social, con enfoques polémicos na relación obxectividade-subxectividade.

- A escrita mesma como factor de conscienciación. A experimentación lin-



güística, a criazón dunha linguaxe feminina aparecen unha e outra vez como temas centrais na preocupación das escritoras.

Paralelamente recrían-se nas plumas femininas procedimentos estilísticos da man, por exemplo, do recurso ao procedemento psicoanalítico a través do desdoblamento, dos "dos eus", o irónico, a sombra, a pegada. Pode ser a nai, a filla, a amiga libertina... Ademais constata-se unha tendencia uniformadora na utilización da primeira persoa.

No ámbito da narrativa, suliña Ciplijauskaité a existencia dun fenómeno de grande interese: as novelas escritas por feministas militantes que aportan unha teorización máis global, a escrita deconstructivista, a necesaria destrución dunha literatura masculina, feita por homes, antes de criar unha nova literatura. En xeral son novelas que tratan da época contemporánea e a pretendida destrución pode abranguer unha gran variedade de aspectos. Desde a xerarquía social á moral ou á linguaxe. Clasifica as novelas ao redor dalgunha destas modalidades:

- De reivindicación do erótico-sexual que chega a identificar-se co amor lésbico.

- De rexeitamento das estruturas lingüísticas e sociais existentes e de reafirmación dunha escrita "liberada, guiada polos sentidos, amorfa, espontánea".

- De protesta contra o racionalismo "masculino" non como "inrepción ou clamor" senón como transformación lírica, "tradicional expresión do feminino".

Por último, no chamado "estilo feminino", tamén se acotan procedimentos narrativos de seu, algúns deles procedentes do experimentacionismo das vangardas de principios de século como a escrita en primeira persoa (que permite maior ambigüidade vancellada ao xénero/sexo que a terceira), a renúncia a unha trama lineal e á estrutura tradicional de principio-fin, ou a organización interna da novela cunha estrutura de tipo circular...

Outro posíbel enfoque parte da referencia de sexo, e fundamentalmente dela, homoxeneizando xeitos, temática, recursos... ao redor de ser escritora-muller. Alinea-se con algunhas das posicións enunciadas xa por Virxínia Woolf, entre outras, verbo da caracterización da escrita feminina.



Concepción Arenal.



Marguerite Duras.



Virginia Woolf.

Penso que latexan nel diferentes problemas.

Para que serve unha novela?. Entendo que está contestada afirmativamente a pregunta base de se debe servir unha novela para algo. A mensaxe percurada tería que ver logo con ese ser muller do que se parte. Suporía-se unha homoxeneidade –un paradigma– vancellado á diferenza. No caso da muller escritora supón-se un arquetipo feminino, fruto dun proceso de conscienciación, que se expresa coa intención de ser lida por mulleres ás que se pretende propor ese arquetipo.

Pero... a realidade das mulleres escritoras é variada; temos obras escritas por mulleres con afán conscienciador (*Consuelo* de G.Sand), obras escritas por homes con afán conscienciador (*Casa de bonecas*, Ibsen), e o par contrario.

A cousa complica-se máis se o punto de referencia é a lectora; estaremos de acordo no carácter absolutamente feminino da colección "Jazmín", se este se define tanto polo número de mulleres que a mercan, como pola mensaxe axustada ao eterno feminino que estes libros venden.

No fondo está-se a falar de arquetipos de muller, de comportamentos, valores (a muller liberada, quen é?), non tanto da literatura.

3. A responsabilidade dos pensamentos feministas.

Di Blumer: "Os problemas sociais non existen de seu até que unha sociedade determinada os nomea e tenta avalialos e soluciónalos".

Non cabe dúbida que no haber da crítica feminista está ter presentado o problema da ausencia de mulleres, do seu esvaemento na historia oficial, do acontecer humano, das ciencias, e... da literatura.

O punto de partida é unha entelequia, deben estar en algures; grazas a un acto de imaxinación (polo menos este é o pulo dos primeiros estudos) ten-se recuperado para a historia da cultura os nomes dunhas mulleres que forman parte do devir humano, de todos e de todas; ten-se recuperado a cultura e a arte feminina no máis simple senso da autoría: o feito por mulleres.

Pero hai que explicar tamén o por que deste afastamento. As feministas teñen-



se metido tamén neste lio e imo-nos clarexando.

Outro elemento é o complicado ven-cello da obra de creación co mundo, co entorno do autor/a. Tirar deste fio obriga-nos a enfrontar as diversas posicións que adopta o ser humano na sociedade en función dos perfís que o definen: cartos, nivel cultural, raza, relixión, e, desde logo, sexo. Se eses elementos ademais supoñen un xeito de desigualdade social, os mecanismos que funcionan complican-se.

Indo ao noso, que dúbida cabe de que homes e mulleres teñen diferentes experiencias que xeran expresións, artísticas tamén, diferentes. A nosa conduta secular e as nosas restricións fan de nós un produto diferenciado que debe ser estudado dentro do seu contexto.

Parece-me ben Linda Nochlin cando di: "O feito de que un determinado artista sexa muller e non home é importante: é unha variábel máis ou menos significativa da obra creativa, como ser americano, ser pobre ou ter nacido en 1900".

Estas restricións son as que nos explican, por exemplo que non pintaran –ou escriberan– todas as mulleres que poderían face-lo potencialmente. Que podería criar, poño por caso, unha artista á que lle estaba vetado copiar o corpo humano, que non podía viaxar, que só podía conseguir a necesaria respectabilidade social dentro do matrimonio... e con fillos abondo?. Pouca cousa, pequenas cousas, cousas vencelladas ao cotián.

O Feminismo, xusto é dice-lo, ven de aportar novas visións, aprendeu-nos a ver o que non se ve a simple vista, a recuperar os nomes daquelas que mesmo nas difíciles situacións, teñen sobresaído. Porque mália as contradicións entre o mundo vivido e o mundo imposto, a pesar de non ter recibido instrución, de ler libros cargados de estereotipos diferentes para cada sexo, a pesar de todo, si ten habido mulleres artistas e escritoras senlleiras. O talento é patrimonio da humanidade, e as diferencias tamén.

Un terceiro problema é a relación que existe, e en que medida, entre o sexo do escritor e o sexo da obra literaria, o tratamento por exemplo dos ou das semellantes. A iso refere-se Virxinia Wolf cando afirma que cada sexo se describe a si mesmo.



Este pensamento colleu forza sobre todo nos 70 da man da crítica feminista e de múltiples literatas que fixeron, fan seu, este enfoque. Non é un enfoque novo, recolle como viamos, un certo fio anterior (Wolf, Beauvoir...) e desde o meu punto de vista agacha unha tese que busca apoiatura tamén no eido crítico-literario, e que se podería enunciar así: a un comportamento feminino consciente corresponde-lle un xeito de tratamento da muller na obra literaria, un xeito de escrita, mesmo de recursos.

O que veño de apuntar ten sido obxecto dunha forte polémica de efectos e repercusións en múltiples debates. As consecuencias positivas son evidentes e aí están: contribuír á reflexión sobre a produción do feito literario desde o protagonismo feminino; non menor foi a axuda que para moitas mulleres con anxeios de escribir supuxo o coñecemento destes debates e a luz que, grazas a iso, se verqueu sobre moitas literatas na sombra até hai pouco; noutra orde de cousas, é indiscutível a súa responsabilidade na apertura dalgunhas portas –as editoriais, os premios literarios– ás escritoras.

De efectos máis discutíbeis ten sido, na miña opinión, a conformación ao fio destas influencias dunha escola crítica certamente codificadora, gardiá do reparto de solvencia feminista e escritora, ao estilo ou ao xénero que observe a norma, utilizando esta etiqueta mesmo como garante de cualidade.

Os excesos deste paráguas crítico teñen amparado non poucas más novelas e contribuído a crear unha moda, sen dúbida aproveitada polas editoriais, que converte en best-sellers a obra literaria feita por unha muller ou de temática feminina-feminista, aínda millor se o xénero é un dos sospeitosos como o erótico, poño por caso. ■

¹ *Los libros, los niños, los hombres*. Paul Hazard

² *La cuestión palpitante*. E. Pardo Bazán. Ed. Anthropos. 1989.

³ *Las mujeres y la literatura*. V. Wolf. Ed. Lumen. 1981.

⁴ *La mujer insatisfecha*, B. Ciplijauskaitė. Ed. Edhasa. 1984.

La novela femenina contemporánea (1970-1085). B. C. Ed. Anthropos. 1988.



A CASA TOMADA:

O HOXE DA LITERATURA DAS MULLERES

One Sister have I in our house
And one, a hedge away.
There 's only one recorded,
But both belong to me.

Emily Dickinson

! CARMEN BLANCO



Hai en Galicia unha casa grande con firmes e vellas paredes de pedra que ten adosadas construcións subsidiarias e acolle as diversidades horizontais e verticais das máis distintas ramificacións da familia extensa. O edificio ábrese ás terras de trabalo e lecer e nas datas dos labores colectivos integra á comunidade. Nos seus eidos afunden as raíces máis antigas como se acomodan as ponlas exóticas traídas nos varios tempos.

A literatura galega podería ser esa casa tradicional galaica, porque a casa é metáfora do mundo e a súa construción di como somos. A súa fermosa consitencia atravesou os séculos como peza de museo ou lugar habitado. Pero foi tamén casa abandonada durante moito tempo e houbo que reconstruíla con esforzo. Resistiu furacáns, investidas e pragas, e hoxe permanece viva e mesmo ten altos anexos de cristais e ferros duros e asentados no cemento do futuro.

Aínda que as mulleres conformaban esa casa e axudaron incluso a construíla nos inicios máis recuados sen memoria, foron excluídas dela por implacables leis non escritas. Pero unha súa casa soñada abrollou na memoria e elas entraron no



Rosalía de Castro soa pode ser esa casa, pois representa por *autonomasia* a literatura galega ao completo. Unha casa grande, mantida e habitada tamén por mulleres, e non só casa do pai ou androceo, pois hoxe nas letras galaicas as escritoras non deixan xa de falar desde todos os seus lugares.

Así foron os últimos anos desta historia.

Todo empezou coa etapa de represión que supuxo a guerra civil e a inmediata posguerra franquista, cunha literatura de belixerancia e resistencia con presenza feminina relativamente escasa, pero significativa, especialmente na Galicia da dictadura nacional-catolicista (Heminia Fariña e Cobián, Mercedes Viso Troncoso) ou na tímida recuperación do interior (Pura Vázquez) e da emigración (Aurea Lorenzo Abeijón). Logo, en torno a 1950, comeza un novo período que se caracterizará pola progresiva incorporación das mulleres á literatura.

Nesta primeira época que abrangue de finais da década dos corenta ata comezos dos sesenta danse a coñecer, practicamente ao mesmo tempo, escritoras pertencentes ás dúas primeiras xeracións de posguerra que, debido entre outras

recinto prohibido. Asentáronse no cuarto de estar. Saíron da cociña. Refuxiáronse no faido. Fixeron un cuarto propio. Abriaron as fiestras. Retiráronse aos campos. Pasearon as rúas. Andaron a praza. Aposentáronse no prostíbulo. Metéronse nas guerras. Pecharon a porta e botáronse ao mundo. Así encheron toda a casa. Unha morada tamén de femias.



razóns á impronta do momento histórico, presentan certos rasgos comúns, sobre todo nun primeiro momento. Mais co tempo a comunidade estético-ideolóxica será maior entre as dúas primeiras promocións, é dicir, entre as autoras nadas durante as tres décadas que dan comezo ao século. É este para as mulleres un período exclusivamente poético no que encontramos coincidencias coas características xerais da poesía galaica do momento, marcado polo hiloísmo, que anima a materia; o neotrobadorismo, que bebe nos cancioneros medievais galego-portugueses; o paisaxismo, de vella e multiforme tradición autóctona; o clasicismo humanístico; o intimismo existencial; e o desacougo existencialista con pegada surrealista. Mais nelas parece predominar, dentro da súa diversidade, un radical intimismo en diálogo e comunión coa natureza e o cosmos. Este peculiar intimismo aberto ao mundo percorre as primeiras obras de Pura Vázquez (1918), Luz Pozo Garza (1922), María do Carme Kruckenberg (1926) e Xohana Torres (1931), catro autoras que irán evolucionando e que seguen na actualidade en plenitude creativa.

Na etapa que abrangue de comezos dos sesenta ata avanzada a metade dos setenta as preocupacións literarias vanse centrando progresivamente no enfoque socio-político, seguindo o camiño iniciado xa durante o período anterior no exilio e na emigración americanas. E así, en liñas xerais, a literatura existencial deixa paso á social en todos os xéneros. No terreo poético imponse a moda do socialrealismo, pero as escritoras, ao igual que moitos dos mellores escritores, están moi lonxe de acatala como tal, aínda que as máis delas se fagan especialmente sensibles á problemática cívica. Elas seguirán os seus camiños particulares, novos e distintos pero unidos no fondo pola multiforme comunidade da tradición feminina encarnada e simbolizada na literatura galega pola figura inmensa e polivalente de Rosalía de Castro, á que case ningunha delas pode deixar de referirse dunha ou doutra maneira. Seguen, entón, polas súas sendas o verbalismo desacougado e saudoso de Pura Vázquez, a procura sensual e existencial de Luz Pozo, o lirismo silencioso e confesional de Kruckenberg e a ineludible viaxe ao centro radical do mar, a terra, o tempo, o amor de Xohana Torres, que



” ... a xeración dos setenta-oitenta supuxo unha entrada cuantiosa de mulleres, pero sobre todo trouxo consigo a incursión dunha vangarda crítica en relación co factor xenérico-sexual.”



publica conxuntamente os catro libros que compoñen *Estacións ao mar* en 1980, pero que xa se deran a coñecer antes. Mais neste momento as voces poéticas multiplícanse aparecendo por primeira vez figuras tardías da xeración do trinta e seis, como a María Mariño Carou (1907) do angustiado e rupturista canto telúrico, ou outras precoces da dos setenta-oitenta, como a Margarita Ledo Andión (1951) do coloquialismo testimoñal da “poesía novísima”.

No terreo narrativo as integrantes da xeración do cincuenta ligadas directa ou indirectamente ao núcleo das Festas Minervais participan no esforzo innovador do movemento da “nova narrativa”, co obxectalismo de María Xosé Queizán (1939) ou co realismo dialéctico de Xohana Torres. Mentres, outras figuras da xeración do trinta e seis situadas nos límites excéntricos do sistema literario galego cultivan o realismo máis tradicional que transcribe a vida persoal e familiar do medio rural galaico, no caso de Dora Vázquex (1913) e da súa irmá Pura, ou a prosa lírica emparentada co diario e a memoria, no caso de Maruxa Fernández. No xénero dramático, Edelmira Casheda Otero (1912), segue a tradición decimonónica do teatro menor folclorizante, en tanto que Xohana Torres xoga un papel fundamental na renovación dramática coas súas pezas político-existenciais de intenso ton lírico. O ensaio está tan só representado pola miscelánea xornalística de Victoria Armesto (1925), mentres o xénero infantil conta con contribucións fundacionais, como a poética de Pura Vázquez e María Victoria Moreno Márquez (1941).

Coincidindo coa transición democrática española, iniciada a partir de 1975, prodúcese na literatura galega unha profunda inflexión que dará lugar a un importante florecemento literario e unha considerable ampliación das perspectivas creativas, tanto nos aspectos temáticos e ideolóxicos como nos técnicos e formais. Desta maneira, o período comprendido entre a segunda metade da década dos setenta e o momento actual caracterízase en liñas xerais pola súa grande apertura. Nesta apertura, a irrupción amplificadora da xeración dos setenta-oitenta supuxo unha entrada cuantiosa de mulleres, pero sobre todo trouxo consigo a incursión dunha vangarda crí-



tica en relación co factor xenérixo-sexual. Esa minoría nova sumarase ao empuxe das figuras pioneiras de María Xosé Queizán e Teresa Barro (1936) e, co seguro apoio de voces resistentes como a da contemporánea Xohana Torres e a da antecesora Rosalía, acabará inflexionando de maneira importante tanto a creación como a posición de escritoras e escritores dentro do sistema literario galego.

O comezo desta etapa vén marcado pola eclosión poética derivada do chamado "cambio de rumbo de 1976" que acaba implicando, en menor ou maior medida, ás tres xeracións de posguerra, e que se caracteriza por tres fenómenos básicos: o redescubrimiento da linguaxe, a apertura temática e estilística e unha maior ou menor dose de culturalismo. Como na etapa anterior, as escritoras veranse afectadas moi relativamente polos signos máis marcados desta nova onda, que de todas maneiras se deixan ver moi claramente no culturalismo de

Luz Pozo ou no último esteticismo de Pura Vázquez. Por outra parte, desde 1985 estase producindo un forte crecemento poético feminino que multiplica os nomes das máis novas, aínda que tamén se produce a incorporación ao xénero dalgunha das maiores. Nesta xerminación percíbese unha diversidade de actitudes estéticas que van do informalismo rupturista ao clasicismo formal, pasando polo esteticismo mítico, o vangardismo desmitificador, os distintos tipos de intimismo ou mesmo o realismo reivindicativo.

O importante desenvolvemento xeral da narrativa nestes anos, coa conseguinte proliferación de tendencias, como as históricas, as fantásticas ou os novos realismos, e a aparición dos distintos xéneros, especialmente o negro, pero tamén o de aventuras e o erótico, así como o incremento espectacular da variedade infantil e xuvenil, suporá unha consolidación das escritoras na prosa de ficción tanto cuantitativa como cualitativa-

mente. Pola contra as publicacións teatrais escasean, como corresponde á diminución xeneralizada da importancia do texto estritamente literario fronte á alza do espectáculo dramático, aínda que encontremos creacións femininas importantes tanto na realización textual como na posta en escea. Mais, sen dúbida, onde a irrupción das mulleres resulta máis espectacular e significativa é na prosa didáctica e xornalística, ese corpus bibliográfico tan importante para a edificación da propia literatura, pero que, cando del está preterida a función estética, fica fóra da propia escrita literaria polo menos no seu sentido máis estrito, pese a que todo escribir sexa literatura. Moitas das autoras sitúanse nese territorio que podemos chamar paraliterario dos textos didáctico utilitarios, pero hai tamén contribucións fundamentais tanto no ensaio, especial e precisamente no de temática literaria ou relacionada co mundo das mulleres, como no xornalismo. ■



A poesia
DAS MULLERES
NA CIDADE
OCCIDENTAL

! CARMEN PANERO



As veces gosto de invocar nunha ladaiña ás poetas do tempo pasado (Safo; Exeria, Perpetua; Duoda, Roswitha, Hildegarda, Eloísa, Margarita; Tibors, Carena, Yselda, a Condessa de Día).

Non o fago para lembrar ás donas dos amores de antano: citaríaa balada de François Villon, que tamén lle fora dedicada a Eloísa, e tantos versos fermosos e nostáxicos como cantaron a fugacidade da vida e da beleza. Con todo, sendo aquelas místicas, monxas ou altas damas na súa época, a ausencia do amigo, o pracer e o desexo amoroso foron motivos frecuentes dos seus escritos, idénticos niso ós das "cantadeiras" populares de quen non perdurou sequera o nome: é certo o tópico de que o amor sexa un tema predilecto da literatura feminina, como o é da poesía universal, por outra parte. Elas deixáronos poemas de frescura e sincero erotismo que o pudor imposto "oficialmente" na Cidade había de velar e deixar clandestinos por tantos anos. Por exemplo, **Berthytha** (S. VIII), monxa anglosaxona do círculo de misioneiras de San Bonifacio, en Turinxia, onde fora desde Inglaterra, escribe sobre a súa soedade, nuns versos emparentados coa temática das cancións xermánicas "de muller" e das "cantigas de amigo". Ou **Hugueburga** (do mesmo S. VIII), outra anglosaxona en Alemaña, que fai dudar ós estudiosos actuais entre a súa modestia e o seu feminismo burlón. Ou, no S. XI, entre outras poetas intimistas, unha monxa francesa de Angers, **Constancia de Le Ronceray** cando responde a unha poética misiva, que lle enviara o poeta Baudri de Bourgueil, cun longo poema das mesmas características versificadoras que as do seu admirador, e di:

"A noite, que odia o meu estudio envexando a quen le...

Gardei en min e puxen baixo o meu peito esquerdo a nota, pois din que é onde está máis perto do corazón...

Ó final, agotada, entreguei o meu corpo ó repouso
[nocturno

Ficaba insomne nas miñas ensoñacións, porque a vosa
[páxina

pese a estar no meu peito, abrasábame as entranas."

E **Tibors** S. XII), como calquera das vinte "trabairitz" provenzais que cantaban con toda sinceridade os seus desexos amorosos:

"Belido e doce amigo, ben podo en verdade decirvos que endemáis deixei de estar sen anxeio desde que vos compraceu que vos tamase por cortés amante; e nunca deixei de ter ganas, belido e doce amigo, de vervos a cotío; nin en neñún momento me arrepentín diso; nin, se vos fúchedes incomodado, estiven leda ata que voltáchedes (...)"

A miña invocación destas poetas do pasado vai dirixida á lembranza dos seus nomes na Cidade Occidental, que elas contribuíron a erixir, anque pasaran á Historia como unha excepción que puido crear –ou facer poesía– porque a vida as destinou á veneración ou ó retiro; e, como se sabe, as "cantadeiras" –xograsas e soldadeiras– non foi por ser poetas polo que se recordan na Historia. Eu querería sinalar aínda outros aspectos da poesía destas escritoras, en estima da súa modernidade e da súa posible fecundidade ata o día de hoxe. Como os anteriores, tomo os seguintes exemplos dun estudio sobre as escritoras en latín medieval do profesor Peter Dronke¹ Cambridge, 1984) traducido recentemente ó español:

O de **Perpetua** (S. III, Cartago), que foi catecúmena e mártir entre os primeiros cristiáns, condenada por negarse a observar o rito imperial, nun relato coñecido como a "Passio Perpetuae" e describiu a súa experiencia desde o xuício xunto cunha fantasmagoría que alcanza as portas do ceo. Ese escrito emotivo e apaixonado pasou a formar parte das Actas dos mártires por motivos históricos e teolóxicos. Pero nel non destaca a haxiografía usual nos outros mártires, senón a incorporación do seu propio mundo, según o estudioso "estremecedor, con toda a súa crueza e con escintillante inmediatez".

E **Duoda** (S. IX). Unha dona entre os escritores carolinxios. Separada do seu esposo, Bernardo de Septimania, e dos seus dous fillos, escribiu para un deles un "speculum principis" de ideas patriarcais, pero dun sentimento persoal sen par, o cal leva a Dronke a dicir que, cando o escribiu, era consciente da fragilidade das lealdades neste mundo patriarcal, e que os feitos confirmaron os seus a penas disimulados temores: o seu libro (que data do ano 843), rematouse pouco antes de ser executado o seu home por traición; o fillo, ó que ela lle espuxera os ideais de nobleza e fidelidade, uniuse ós rebeldes aquitanos e foi capturado e executado tamén.

Aínda hai algo máis no escrito de Duoda, á parte da aguda intuición da súa intelixencia. Trátase de como lle aconsella ó seu fillo, á marxe de toda convención relixiosa ou monástica, que se oriente dobremente no mundano e no divino, adiantándose varios séculos á cultura humanista do Renacemento, en concreto ó Dante do "De monarchia".

En canto ó saber, o caso máis recoñecido é o de **Hildegarda de Bingen**, mística, ética, médica, sabia e poeta.

Pero o saber, a intelixencia, a rebeldía e a liberdade de gozar da paixón amorosa e de cantala foron valores secretos nas mulleres da Cidade na que se impuña o emblema de Penélope mentres se esquecía de Helena e das outras, cando non





se condeaban: como se sabe, Penélope agardou por Ulises, que había regresado moitos anos despois de rematada a guerra de Troia. Esta guerra tivera lugar a causa de que os gregos non consistiron que a princesa Helena fuxira co seu amante e acudiron a rescatala.

Creo que a testemuña de poetas da Grecia antiga² sobre eses feitos que acabo de citar os ilustrará sobradamente, así como os cimentos da nosa civilización nos aspectos en que vimos de tratala. É revelador como contrasta o tratamento da figura de Helena nos versos de **Alceo de Mitilene** (S. VII a.C.) co entendemento que demostran os de **Safo de Lesbos** (S. VII a.C.). Velaí os versos de Alceo:

“E fama, Helena, que a amarga ruína
A Príamo e ós seus fillos sobreviulles
Pola tua culpa e Zeus arrasou con lume
a santa Troia.
Que distinta era aquela moza garrida
que o Eácida tomou do fogar de Nereo
(...)”

A nova esposa
soltou o seu cinto virxinal. E o amor uniu
a Peleu e á mellor das Nereidas.
E ela, ó ano,
deulle á luz un fillo, héroe supremo,
feliz conductor dos seus baixos corceis.
Mentres que por culpa de Helena morreron
Troia e os frixios”.

Véxase agora o que di Safo:

“Din uns que un ecuestre tropel, a infantaría
outros, eses que unha flota de barcos resulta
o máis belido na oscura terra, pero eu digo
que é o que un ama.

É moi fácil facerllo comprensible a calquer.
Pois aquela que moito en beleza aventaxaba
a todos os humanos, Helena, ó seu esposo,
un príncipe ilustre,
abandonou e marchou navegando cara Troia,
sen acordarse nin da súa filla nin de seus pais
en absoluto, senón que a seduciu Cipris.

...

... Tamén a min agora á miña Anactoria ausente
lembráchesme.
como preferiría eu o amable paso dela
e o craro resprandor da súa faz ver agora
en vez dos carros de guerra dos lidios en armas
marchando ó combate.”

¹ DRONKE, P., *Las escritoras de la Edad Media*. Ed. Crítica (Grijalbo-Mondadori), 1995

² GARCIA GUAL, C., *Antología de la Poesía Griega. Siglos VII-IV a.C.* Alianza Editorial, 1993.



HERMINIA FARIÑA COBIÁN

Un corazón inxel na bretemosa Compostela

! AURORA MARCO



Cando o século XX aínda era meniño naipelo, nacia na bretemosa Compostela unha escritora de brillante traxectoria literaria cuxo perfil biobibliográfico queremos lembrar desde as páxinas de *Andaina* porque, como tantas outras, segue a morar aínda nese reino de sombras e de esquecemento onde habitan moitas mulleres escritoras. E Hermínia Fariña Cobián foi, porén, unha das figuras máis recoñecidas no primeiro terzo do século, a vulgar pola repercusión que tivo na prensa da época a súa intensa e fecunda actividade. Personalidade que buliu nos ambientes literarios da década dos 20 aos 30, que publicou varios libros de poesía e prosa, que escribiu –e representou con enorme éxito– as súas pezas teatrais (sendo á vez autora e primeira actriz), que escribiu tamén unha zarzuela e unha ópera, que colaborou asiduamente nas máis destacadas revistas e xornais de Galiza e América, que foi homenaxeada por Concellos (Santiago, A Coruña), Deputacións (Pontevedra), Centros Galegos, etc.

Cumpra dicir, alén diso, que esta compostelana sempre levou, parafraseando a Curros, “no bico un cantar”: o orgullo de sentir-se filla de Santiago. Esta cidade, á que canta en sentidos e nostáxicos poemas, ou en fermosas prosas poéticas tinxidas de saudade, foi un motivo literario constante na obra de H.F. Naquelas ruas compostelanas, cheas de mistérios e siléncios (o paseo da Ferradura, o Preguntoiro, a costa de Xelmírez, a rua do



Hermínia Fariña Cobián.

Vilar), aniñaron na escritora tristuras, leccións, amores, melancolias, queixumes... E todo isto trasladou-no aos seus poemas de tal xeito que, en moitos deles, cremos achar auténticas referencias autobiográficas.

Dous libros, *Cadencias* e *Seara*, un prólogo e numerosos textos soltos en prosa e verso, dedicados á “cidade cariñenta onde nacín”, comparten protagonismo con outro lugar, agora en entorno rural, tamén motivo recorrente na súa obra literaria: a aldea de Simes, no val do Salnés, mirando ao mar da Lanzada, aos cumes de Axis, aos atallos de Raxó e Sanxenxo, que a poeta cantará.

E as evocacións de Cambados, Meaño, Dena...

Compostela e Simes. Simes e Compostela. Un binómio inspirador da obra poética de H.F., a cantora do amor, en palabras dun crítico. E unha precoz poeta –comezou a escribir sendo aínda nena– a “pintar” poemas onde recria a súa nenez, en ambiente urbano e rural, os seus sentimentos. Unha poeta que se sente plena cando, despois das galas efímeras, despreciando o ouropel, busca o agarimo das carballeiras e o místico silencio da súa casa de Simes, onde deita a fonte das Sete Meigas, onde funga o vendaval e nace a aurora tras do ledo piñeirial.

O percurso vital de tan relevante escritora seguimo-lo através da prensa. Non hai apenas bibliografía sobre ela, como acontece con outras escritoras galegas e non galegas. Iso explica que haxa etapas da súa vida algo escuras ou con menor información. Contodo, a traxectoria persoal e profesional de H.F. fica, tras a investigación nas hemerotecas, abondo perfilada.

Perfil biobibliográfico

Naceu H.F. o 4 de Abril de 1904 en Santiago de Compostela, “nunha das ruas angostas e retorcidas da prócer e secular cidade”¹, onde transcorreron os seus primeiros anos de infancia, anos que ela evocará máis tarde en “A Santiago de Compostela”², entre a escola, as ami-



gas, a sua irmá Xosefina, os xogos nas longas ruas, nas prazas, os paseos pola Ferradura onde, xa poeta, contemplaba, soberana e altiva, a estátua de Rosalia. Todas estas lembranzas infantis van unidas a ese outro lugar tan familiar à escritora, onde pasaba os veraos: a casa de Simes, entre carballeiras, coa fonte no recodo do piñeiral: "En ti pasei a dozura / dos meus brincadores anos / e na abanfante ardentia / dos vras longos e dourados / peteei os meus cabelos / á soma dos teus carballos/...

A primeira referencia à sua actividade poética achamo-la na Memória do Círculo de Artesaos da Coruña. Unha mui breve nota, estamos no 1919, dá conta do inicio dun ciclo dedicado à poesía galega inaugurado coa presenza de H.F. que deu lectura a varias poesias en galego no citado recital. Naquela altura a escritora contaba con 15 anos de idade e, segundo parece, escribia xa desde os 13 anos.

O seu primeiro libro de poemas, *Candencias*, viu a luz en Pontevedra en

1922, cando a escritora contaba 18 anos de idade. Contén poemas escritos exclusivamente en castellano aínda que naquelas datas a poeta compuña xa en galego, a xulgar polas colaboracións aparecidas en *A Nosa Terra*, con poemas que logo formaron parte do seu segundo libro, este xa en galego. As colaboracións en revistas e xornais –até o momento esporádicas– comezan a ser frecuentes e mesmo asíduas, sendo acolidas con entusiasmo polo público lector e pola crítica. Ben coñecida nos ambientes das colectividade galegas radicadas en América, alén de colaborar nas publicacións galegas do interior, a sua assinatura achamo-la en revistas que constituían os órganos de expresión das citadas colectividade. Daquela a escritora gozaba xa de merecida sona. Publicara o seu segundo libro de poemas en galego, *Seara*, que obtivera os aplausos da crítica. O libro saíu do prelo en 1924, tamén en Pontevedra. Leva un retrato da autora e ilustracións de Luís Pintos Fonseca. Un fermoso prólogo en prosa poética, "A Santiago de Compostela", é o pórtico que dá paso aos 35 poemas que o libro reúne.

O cultivo literario nestes anos é intenso. En 1926, en Mondariz, publica o seu terceiro libro, *Pétalos líricos*, e desenvolve unha grande actividade nos medios literarios que a levan de Santiago a Pontevedra, à Coruña, a Madrid, onde pasa algunhas tempadas que alterna coa residencia en Simes.

Entre as suas inquietudes culturais e artísticas hai que destacar de maneira especial o teatro. Estaba preocupada H.F. polo teatro galego, pola falta de obras que chegasen ao grande público, pola inexistencia de zarzuelas. A isto decidiu consagrar o seu esforzo. No outono de 1926, escribeu en Simes o poema dramático *Margarida a Malfadada* que a autora quixo estreir en Compostela. E foi en Santiago, con efecto, no seu Teatro Principal, o 23 de Marzo de 1927, onde tivo lugar a representación daquel poema dramático e dunha comédia en castellano, *La marquesa de Miraflores*. Seguen as representacións en Pontevedra e mais adiante, a cargo da Agrupación Dramática, o xoguete cómico *O soldado froita*. Anuncia-se a terminación dunha ópera, con música dun notable compositor madrileño que non tardará en estreir-se en Madrid: *Sangre y sol*.



Tamén, con vistas à sua subida ao palco (o que terá lugar en setembro en Vigo), tiña preparada unha zarzuela en tres actos e un cuadro: *O avarento*, con música do famoso compositor José Jané.

Tras a xeira de representacións pola xeografía galega e, debido ao seu éxito, atendendo os numerosos convites recibidos das colectividade galegas na emigración, viaxa a América onde xa a encontramos o 7 de Xuño de 1930. Ali contrae novo matrimonio, acontecemento de que fica testemuña gráfica nas páxinas das revistas. Desta etapa da sua vida posuimos pouca información. Só fica constancia da continuidade da sua obra literaria, agora en América. A escritora volveu à lírica castellana coa publicación de *Hosanna* (Buenos Aires, 1931). En prosa deu ao prelo *Bajo el cielo porteño* (1930).

Ao igual que outras escritoras galegas (Filomena dato, Francisca Herrera, Carmen Prieto), que apoiaron cos seus escritos o levantamento franquista, H.F. publicou *¡Por España y para España! (El libro del combatiente)* en 1938, onde inclúe catro poemas en galego baixo o título de "Saudade. Mensaxe galicián"³. Da sua vida a partir desta data só temos referencias puntuais através das colaboracións ou de algunhas declaracións. A escritora non abandonou a escrita. Volvemos ter noticias dela na década dos 50. Xa desde Galiza volve ser frecuente a sua assinatura en revistas que dan cabida aos seus textos poéticos. A última colaboración de que temos constancia é un texto, impreso en folleto de catro páxinas, dedicado a Simes: *Gabanza e prego á miña aldea Simes*, de 1960.

Unha biografía intensa a desta compostelana, evocada aquí de xeito telegráfico, para a que reivindicamos o seu lugar na historia, na historia literaria da Galiza.

Herminia Fariña Cobián morreu en 1966, sen que poidamos precisar mais dados.

¹ M. de F., "Herminia Fariña", *Céltiga*, nº 6, Buenos Aires, nº de 15 de Decembro de 1924.

² Do seu primeiro libro *Cadencias*, Pontevedra, 1922, p. 13-16.

³ Blanco, C., *Literatura galega de Muller*, Ed. Xerais, Vigo, 1991, p. 333.

Obra literaria

H.F. cultivou desde mui nova a poesía. Tamén escribiu pezas de teatro e fixo incursións no xénero prosístico alén, claro está, de outras colaboracións en prensa que están a meio camiño entre o xornalístico e o literario. Entre o publicado, non recopilado, inédito ou en preparación, a produción da escritora é cuantitativa e cualitativamente mui significativa. As pezas de teatro, representadas, non deberon ver a luz. Non demos por ningunha parte con elas nen están referenciadas en catálogos de publicacións da época:

Poesía e prosa

Cadencias. Pontevedra, 1922. Poesía en castellano.

Seara. Pontevedra, 1924. Poesía en galego.

Pétalos líricos. Mondariz, 1926. Prosa lírica, en castellano.

Bajo el cielo porteño. Buenos Aires, 1930. Prosa en castellano.

Hosanna. Buenos Aires, 1931. Poesía en castellano.

¡Por España y para España! (El libro del combatiente). 1938.

Teatro

Margarida a Malfadada. Escrita en 1926. Representada en 1927. Aínda que se anunciou a sua publicación non debeu ver a luz.

O soldado froita. Xoguete cómico. Representada en 1927. Non debeu publicarse.

O avarento. Zarzuela en tres actos e un cuadro. Escrita e representada en 1927. Tampouco debeu imprimirse.

La marquesa de Miraflores. Comedia en castellano. Representada en 1927. Non debeu ver a luz.

Sangre y sol. Ópera. Anunciouse que estaba escrita en 1927. Falaba-se tamén da sua próxima representación. Non debeu tampouco publicarse.

Livros inéditos

Doenzas e segredos

Idilios, Pesadumbre y Mazorcas

Cartas sin fecha y sin destino

En preparación

Fortaleza

La bella y dolorosa historia de mi vida

Retorno de emigrantes

Folletos impresos

Mensaxe de Ademiración nas festas de Vigo. Pontevedra, 1951 (Tres poemas

en galego e dous en castellano). *Gabanza e prego á miña aldea Simes*. Pontevedra, 1960.

Colaboracións en revistas e xornais

Temos constancia da sua colaboración en *A Nosa Terra*, *Alma Gallega*, *Almanaque Gallego*, *Céltiga*, *Eco de Galicia*, *El Compostelano*, *El Financiero*, *La raza*, *La Temporada*, *Mundo Gallego*, *Revista do Centro Galego de Montevideo*, *Terra*, *Vida Gallega*, ...

Razóns de espazo obrigan a deixar para outra ocasión o comentario da sua obra poética. No entanto ofrecemos unha amostra da sua produción, o poema "Doente" que pertence ao libro *Seara*:

Meniña triste como un silencio,
meniña roiba,
meniña doce, meniña branca
como unha pomba.
Que tes nos ollos sempre deitados
pingas de choiva,
que tes nos labres sempre amarelos
o arume estrano dunha frol morta...

¡Meniña tenra como un suspiro,
como unha bágoa,
como unha copla!

Eu sei que penas, que tes tristuras,
eu sei que choras;
eu sei que cando nos axuntamos
nas tardes mornas
alá na fonte das "Sete Meigas"
ou nos xestales das "Cinco crobas"
levas no peito moi acochadas
peniñas fondas.

Eu sei do día de sol brillante,
daquela hora
en que finou o galán poeta
e amortaxano tuas mans de noiva.
Eu sei dos cirios ó pe da caixa,
e sei das rosas
que desfollache sobre o defunto
e sei dos bicos e das congoxas...

Meniña triste como un silencio,
non sufras soía,
ven onde min,
que eu tamén teño coma ti penas,
peniñas fondas;
tamén son doce, tamén son branca,
tamén son triste...
¡Tamén son roiba!



A CREACIÓN, A BELEZA E A FASCINACIÓN POLA LITERATURA


Falemos de Dona Inés



! CARMEN LADO

Hoxe, a finais do século XX, resulta evidente para calquera lector ou lectora que tanto a crítica literaria coma os propios creadores da personaxe trataron moi inxustamente a figura mencionada no título deste artigo. Deixando a un lado os seus creadores, as súas motivacións, os seus intereses para centraren a atención sempre na figura de don Juan, reservándolle un papel apertadísimo a dona Inés, a crítica limitouse sempre -por suposto non a comprendela nin elevála á categoría de mito- a degradala, despachándoa cunhas cantas palabras despectivas. ¡Nin que non lle chegara a inxustiza dun papel tan apertado tendo en conta a relevancia da súa acción! Marina Mayoral parece que quere salvar esa débeda e así entendemos a súa novela *Dar la vida y el alma*, como unha homenaxe a esa heroína tan incomprendida e por que non actual. Pois ben, esquezámonos de don Juan, agora por fin tócalle o turno a dona Inés.

O esquema argumental da novela antes mencionada é moi sinxelo: Amelia, unha rapaza de pobo, inexperta e nova (dezaioito anos), é abandonada en camión por toda equipaxe polo seu marido na noite de vodas nun hotel de París. Pese a non consumarse o matrimonio, Amelia decide non anulalo. Ninguén entende o seu comportamento e moitísimo tempo despois unha novelista que a coñeceu nos últimos anos da súa vida, obsesiónase coa súa historia (o que lle foron contando as súas tías, que non sempre coincide co que ela puido observar) e decide escribila: "Cuando se lo conté a



*"Dar la vida y el alma",
como unha
homenaxe a esa
heroína tan
incomprendida e
por que non
actual.*

él estaba prácticamente decidida a escribir sobre Amelia. Siempre me había fascinado su historia. Me gustan las historias de amor eterno y no correspondido, pero solo cuando las viven personas que a mí me parecen normales (...)". Deste xeito comeza a narración e desenvólvese fundamentalmente no pensamento da personaxe narradora. Non é unha novela de acción e o que vai interesar realmente non é o que ocorreu senón o comportamento de Amelia despois do que ocorreu, ou mellor aínda, o que pensa a narradora que debeu ocorrer. Esta intentará indagar nas motivacións do comportamento da súa personaxe e será aquí onde ela acade o verdadeiro protagonismo. Podemos dicir que a novelista é a verdadeira protagonista da historia. Ela desde o seu presente intenta comprender e xustificar a existencia de Amelia -un tanto enigmática e en aparencia incomprendible- e ó mesmo tempo reflexiona sobre a súa propia vida. Dito doutra maneira: escribe a historia que lle é allea para así entender a súa propia situación sentimental e aceptala. Salvando a distancia -non só temporal- as dúas personaxes están máis próximas do que a aparencia poida revelar. A coincidencia fundamental é a do abandono polos seus respectivos maridos. Amelia, a pesar de todo, é capaz de ser feliz. ¿É a novelista? Non cabe dúbida de que tamén quere selo e se é preciso non dubidará en convertela vida en literatura: "Pero la vida hai que inventarla para hacerla tuya, para que sea algo más que unha sucesión de



hechos sin sentido. Ya lo dijo Proust, que a él tanto le gusta: la verdadera vida, la vida al fin descubierta e iluminada, la única vida por conseguinte vivida es la literatura (...) Amelia sabía que tenía que esperar a Carlos sola, hasta el final, (...) y yo sabía que tenía que escribir esta historia que a él no le gusta ni le interesa, y, escribiéndola, empezar a vivir sin él". Desta maneira péchase a novela.

A narradora intenta reconstruír "unha historia de amor eterno" procurando comprender as diferentes motivacións que empuxan á protagonista (ironicamente unha personaxe real, non inventada por ela) a actuar dunha maneira –tal vez irracional– na súa relación amorosa. Despois do abandono, Amelia traza as súas propias normas de conducta (non reacciona como era de esperar no seu entorno e dada a súa clase social, tendo en conta ademais que o seu pai lle ofrece un apoio incondicional). Non sería correcto falar de rebeldía, o abandono obrigara a enfocala soidade con frialdade para poder enfrontarse chea de dignidade ante a mirada interrogante e morbosa dos que a rodean. ¡Ai, a dignidade!, esa palabra que tanto obsesionou á narradora desde a súa infancia. Amelia -dona Inés- desexa a Carlos -don Juan-, entregárase e deixárase explotar economicamente unha e outra vez porque lle compensa. Amelia non é rebelde pero non demostra en ningún momento falta de vontade e escollerá a soidade por necesidade. Acepta o comportamento de Carlos porque non lle queda máis remedio e disimulará porque desexa ser respectada e non quere vivir á marxe da sociedade. A súa actitude xustifica o seu comportamento: amará aínda sen ser correspondida e nunca perderá a dignidade nin mostrará febleza perante a sociedade. Nin sequera no seu fogar. Non busca comprensión, si aceptación. Négase a recoñecer publicamente o seu abandono. Non quere a separación porque legalmente é unha muller casada e así socialmente pode ser considerada. Desde esta perspectiva a súa vida téñ sentido pese ó fracaso do seu matrimonio. Pero tampouco é unha hipócrita porque Amelia téñ fe. A relixión será o seu escudo: "(...) La religión pudo ser su consuelo, pero sin duda también fue su escudo, la máscara para ocultar un amor que la sociedad y probablemente ella misma sentían culpable. Su amor era una



Marina Mayoral.

"A protagonista desta historia parece coincidir coa propia autora da novela, ou mellor dito, ..."

pasión; algo que unha muller decente no debía sentir (...)" (páx. 109).


A novelista intentará convencer (ironicamente ó seu compañeiro) de que a súa non é unha heroína decimonónica aínda que as coincidencias sexan moitas. Unha moi importante é que a historia de Amelia comeza despois de ser abandonada e ós/ás novelistas do dezanove case sempre lles interesou conta-la vida destas mulleres despois de casadas, antes non tiña interese, o verdadeiro morbo estaba na insatisfacción matrimonial e na infidelidade. Pero a diferenza fundamental radica en que Amelia non será unha destas mulleres insatisfeitas da novelística decimonónica. O conflito de Amelia é eterno pero a maneira de resolverse é novo, pois a través do filtro desa narradora Amelia vaíse configurando como unha personaxe forte e escura, que puido escoller outra vida pero que non lle interesaba. ¿Que é mellor unha vida de rancor, frustración, vinganza, esquecemento ou asunción da súa situación e intentar sacar proveito? "(...) lba de mujer fuerte de los evangelios a pesar de su aspecto de muñeca rubia y frágil. Amelia trasteó a tododíos, nunca mejor dicho, desde la religión a la familia, para poder seguir con aquel tipo que la chuleaba. Ni para que su padre muriese tranquilo fue capaz de rechazarlo (...)" (páx. 75). E non esquezamos que ó final vai manexar e utilizar a Carlos.

Para comprender esta personaxe a narradora fará un repaso pola novela realista do XIX que presente casos semellantes ós de Amelia. Tamén os busca no seu entorno, o que sería o mundo real ironizando de paso sobre a realidade e a ficción- e tamén a compara coa dona Inés de Zorrilla: "(...) se había propuesto salvar el alma de aquel calavera, igual que doña Inés a don Juan, y hasta el final, mantuvo esa actitud, que ya no sé si era falsa o no (...)" (páx. 74). Amelia parece esa docísima personaxe de Zorrilla que redime a don Juan entregándose sen freos a ese amor-paixón que non é capaz ou que non lle interesa controlar. A actitude de dona Inés puido responder ó desexo de ser conquistada aínda que así se condene. Da mesma maneira Amelia encáprchase por Carlos cando ela puido disfrutar outra posibilidade de amor. Igual que dona Inés ela é abandonada tan nova e inocente -polo menos en apa-



riencia- pero aínda así non desiste en experimentar esas intensas emocións que só o cretino e aproveitado do seu marido sabe e é capaz de ofrecerlle, e así entregárase a el en corpo e alma. A diferenza entre estas dúas heroínas radica na concepción do amor: para dona Inés amar e morrer son a mesma cousa, para Amelia amar é sinónimo de vivir. Sen Carlos a vida non tén sentido para ela, e será capaz non só de salvarlo para salvarse senón de entregarlle incluso a súa propia autoestima. Tampouco isto é de todo así. A lectura correcta consistiría en que a vida para Amelia sen emocións non tén sentido. A súa entrega é total, o que sofre esta carencia é Carlos, de aí que lle interese tan pouco á novelista. Carlos nunca puido disfrutar do amor de Amelia porque esta nunca lle interesou, nin sequera lle gustaba, de aí que nos resulte unha personaxe moito máis vulgar do que o don Juan porque as súas motivacións a respecto de Amelia probablemente obedecesen a un resentimento coa súa familia ou a intereses meramente económicos. El víngase da súa familia aceptando ese compromiso con Amelia, non dubida vender a súa persoa e a súa liberdade. Non quere a Amelia, máis ben desprézaa. Curiosamente será a súa faceta de home experimentado eroticamente, con fama de escandaloso, liste, traballador, home de talento que gusta ás mulleres, en fin, un seductor o que atraía a Amelia. Ela desexa redimilo para así posuílo absolutamente. Está capacitada para dar sen necesidade de equilibrala balanza. Non necesita autodestruírse heroicamente coma dona Inés. Tampouco vingarse e vivir unha vida acugulada de rancor e frustración.

Da mesma maneira que no *Tenorio* gustaríanos desbotar a idea final da redención porque así parece que temos que entender a súa vida como un sacrificio. Dona Inés morre por don Juan e Amelia entregaralle a súa vida ó cretino de Carlos, de aí que a única vía posible para xustificala súa existencia sexa a utilización deste. Amelia non é dona Inés porque na súa época xa non había sitio para esta. Ela vai vivir e así pode seguir amando. ¿Resúltanos patética e pouco intelixente a súa actitude? Está claro que se deixa guiar máis polo corazón que pola razón. ¿É unha fanática, unha resignada? Para a narradora é unha idealista. Amelia a diferenza das heroínas



... máis que unha novela parece un ensaio onde a autora reflexiona, soltándose a pracer, sobre a realidade e a ficción, sobre o amor e o esquecemento."

decimonónicas non é castigada e ademais conta coa comprensión da novelista. É mellor sentir dor ca non sentir nada, e atopámonos de novo co "cravo" rosaliano.

Diciamos ó comezo do artigo que a verdadeira protagonista desta historia parece se-la narradora e non Amelia. Esa novelista sen vocación relixiosa pero con vocación literaria: "(...) Tuve que escribirlo: un artículo del que mis amigos dijeron que hacía llorar a las piedras. Y a partir de ello ya puedo hablar de ello (...) Se trata, sin duda, de un proceso de ficcionalización: al escribirlo se traslada a otro plano de la realidad y es posible afrontarlo con mayor distancia. Por eso acabamos convirtiendo en literatura toda nuestra vida" (páx. 78). E que –a pesar de xogar co humor e a ironía– parece coincidir coa propia autora da novela, ou mellor dito, máis que unha novela parece un ensaio onde a autora reflexiona, soltándose a pracer, sobre a realidade e a ficción, sobre o amor e o esquecemento. A novela é dedicada a un "él que ni le gusta ni le interesa" que tamén será personaxe moi secundaria na historia, á que a novelista se referirá continuamente esaxerando as diferenzas entre os dous para acabar aceptando o abandono. E aínda máis, a narradora viaxa de Brétema (espacio xeográfico inventado por Marina Mayoral, onde sitúa unha parte importante da súa narrativa) a Madrid, onde vive e onde fixo a especialidade; e amiga de Casares, a quen tamén curiosamente lle pide axuda no seu conto "Esconxuro". E poderíamos dicir máis, se ben sabemos que en cuestión de análise literaria non debemos confundir narrador/a con autor/a. A novelista encargada da historia comentada fala deste tema no capítulo II da novela e aínda que resulte certo o que di, a utilización da alternancia de voces, a que predomina é ese Eu testemuña que acabará converténdose en protagonista e deixándose levar polas súas divagacións ensaísticas.

Para rematar diremos que resulta curioso que Marina Mayoral tire o título da novela dun soneto de Lope de Vega. De Lope e a súa fermosa historia con Marta de Nevarés tamén tratará o seu conto "A través do tempo" de *Querida amiga*. É que Lope "encarnaba o teatro, o marabilloso, o inusual, o ámbito da fantasía e a aventura onde todo era posible". ■



DO GOSTO POR **LER** Á TENTACIÓN DE **ESCREBER**

Duas experiencias distintas que teñen a literatura como punto de encontro. Do gosto por ler á tentación de escribir hai apenas un paso.



CLUB DE LECTORAS ALECRÍN

As mulleres teñen a palabra.

Vai xa polo cuarto ano dende que empezou a funcionar o "Club de lectoras" organizado pola Biblioteca-Centro de Documentación Alecrín, especializado na muller. As normas son ben sinxelas: cada ano selecciónanse algunhas mulleres, todas elas boas lectoras para que presenten o seu libro favorito. Sobre este libro, os últimos mércores de cada mes, organízase unha tertulia aberta para mulleres. A reunión comenza pola exposición da colaboradora, continúa polas intervencións das contertulias (que previamente leron a obra) e, actualmente, remata cunha cea de lentellas.

O final da tertulia faise unha enquisa anónima entre as participantes. Os resultados veñen sendo moi alentadores: os libros son máis atractivos despois de comentalos e, en xeral, todas teñen desexos de ler máis sobre a autora/autor e sobre o tema.

En Alecrín, despois deste tempo vivido polo Club de lectoras, confirmamos que as mulleres temos unha especial habilidade para falar das nosas emocións e para constatar en detalle o mundo da vida íntima, o que fai máis ricos os rexistros da literatura.

No nº 7 de "Andaina" (Decembro 1993) explicábase máis detalladamente os obxectivos e funcionamento do Club de lectoras Alecrín, polo que agora, despois deste tempo de andadura, gustaríanos darlle a palabra a algunhas mulleres que participan regularmente nas xuntanzas...



Tertulia do Club de lectoras Alecrín.

● **Elida González:** Eu, que teño 59 anos coñecín tertulias de intelectuais políticos... pero unha tertulia de lectoras nunca se me pasara pola cabeza que poidera existir. Cando me acheguei a esta reunión de lectoras, ó principio éramos pouquiñas, escolleitas, eso si. Non o digo por min, senón polas lectoras coas que me atopei.

¡A sorpresa foi maiúscula!, moi boas lectoras, intelectuais con humildade, sabias sen soberbia, cultas sen pedantería. Collín semellante complexo de pouca cousa que tarde se me pasará.

Haberá que potenciar estas tertulias. ¡Que non se diga!

● **Pilar Álvarez:** Comentabamos as compañeiras e máis eu a mágoa que nos daba remata-la carreira, entre outras cousas porque íamos quedar sen as nosas clases de literatura, nas que arredor dun mesmo libro opinabamos, reflexionabamos e compartíamos xuntas...

Nembargantes, a vida date sempre unha segunda oportunidade e, estando xa a traballar, atopei nun café un cartel no que se anunciaba un clube de lectoras no que as mulleres reuníanse unha vez ó mes para comentar o seu libro favorito. Xa hai tres anos disto, tres anos nos que a comunicación, aprendizaxe e maxia das compañeiras e lecturas seguen enchendo a miña vida.

● **Perla Alonso:** Vivimos no mundo dos homes, puxadas a camiñar polos vieiros dos tópicos machistas, dos costumes, dos xestos, da palabra masculina.

O Club de lectoras Alecrín brinda un pequeno universo constituído por mulleres onde expresar abertamente as nosas opinións, inqedanzas, onde atopar o sentimento de apoio na árdua tarefa de búsqueda de novos roles máis sinceros e menos tópicos. Onde dar, de forma emblemática, a oportunidade ás mulleres escritoras de contarnos algo, e a nós mesmas de percorrer o camiño para sermos donas da palabra.

● **Elena de Frutos:** O "Club" axúdanos a descubrir a novas autoras/es a través do entusiasmo con que as ponentes presentan o seu libro favorito. Se non tiveshes tempo de remata-lo pero asistes á xuntanza, disfrútalo. Ademais asistes ós contrastes de tantas interpretacións como persoas interveñen no debate. Na voráxine en que agora vivimos, o Club axúdanos a recuperar o deleite da letra escrita con arte, da literatura.

Quero agradecer a amabilidade e cordialidade con que as organizadoras do Club de lectoras Alecrín nos reciben cada día, pois chega a converterse nun incentivo máis para acudir cada mes á tertulia.

● **Juani R. Nuño:** Había tempo que tiña ganas de acudir a Alecrín para coñecer un pouco as súas actividades. Unha tarde que me acerquei á súa Biblioteca atopeime con que na sala de lectura había arredor da mesa unhas 18 ou 20 mulleres. Informáronme que se trataba do Club de lectoras e convidáronme a quedar. Aceptei. Ese día estaba M.

Carmen Panero presentando á escritora Luz Pozo Garza que viña a falar da súa obra *Códice Calixtino*.

De Luz Pozo eu só lera algunhas poesías pero ó escoitala quedeime impresionada pola súa dozura, a súa forza interior... e coas súas palabras fíxome compartir as súas vivencias, o seu arraigo á terra, a forza de falar galego.

Cando rematou a tertulia convidáronme a ¡lentellas e roscón!. quedeime encantada e coa cea puxémonos a charlar, participando todas. Foi unha reunión moi agradable, falamos distendidas e moi sinceras. Sentínme alí como se levava no Club moito tempo. Se as miñas obrigacións mo permiten, terán en min unha asidua permanente. Gracias e un saúdo moi afectuoso para todas as que fan posible que funcione.

OBRADOIRO LITERARIO ANDAINA

Quen di que non se aprende a escribir nos obradoiros literarios?

Apréndese a escribir lendo e escribindo. E tamén falando, escoitando, criticando os propios textos.

Todo comezou hai catro anos, foron tardes de café, fume, historias e poesía. Pero sentíamos a necesidade de aprofundar máis, de propoñer-nos metas, e callou a idea de formalizar os encontros, e chegar a máis xente que gostase da literatura.


Neste curso, da man de *Andaina*, fixemos a experiencia:

Xuntámo-nos unha vez ao mes para aprender técnicas e practicar de maneira máis sistemática. De vez en cando acuden ao noso obradoiro persoas que levan tempo traballando nos mundos da ficción; Carme Panero veu en Marzo, Quico Cadaval e Xepe en Maio.

E está Elvira, a maga da Palabra, e nós, que absorbemos maneiras de construír historias, lanzámonos no precipicio do fólío en branco, conxuramos medos e paixóns e fervello de aprendices.

Temos previsto continuar até Decembro e o proxecto é traer a máis escritores e escritoras e seguir convocando a musas e inspiracións.

E para mostra... tres botóns. Tres respostas e tres estilos distintos para unha mesma proposta:



COMO UN PARVO NUNHA BOTELLA

Pilar Barral

Cústame
mirar, estático,
a vida a través
do cristal. Con-
templo os move-
mentos dos corpos
ao camiñar, os rostros,
os espertares co frío da
mañá.

Cando vos observo curio-
seando, examinando-me intriga-
dos dentro da miña botella, hai un ar
de condescendencia nas vosas miradas,
un xesto cómplice, cicais producido pola
familiaridade que xa vai modulando as nosas
vidas.

Eu xa fun actor, mais agora quero ser especta-
dor. Saber que se sente ó sair do escenario e pasar
ás gradas, anque haxa momentos en que siga ac-
tuando para vós.

De día a rua é un decorado móvil, cheo de cor.
Ao anoitecer a atmósfera torna-se opaca, decadente,
e os sons e as sensacións identifican-se con
maior intensidade.

Pasei a vida enfrascado en papeis, programa-
do até nos detalles máis pequenos. Sempre en-
vexei a quen disfruta da súa obra e ten tempo
para admira-la.

Como este violinista que toca cada mañá
preto da farola que me cobixa. As notas que
rasgan o ar, tristes e melancólicas, fan-me
añorar amores que nunca tiven.

Ás veces vós tamén parades a escoitar
algunhas secuencias das vosas vidas, al-
guén lle bota unha moeda, outros pa-
sades sen querer pensar no que puido
ser daquel ollar refugado que asoma nas
noites de insómnio.

Continúo observando-vos a través do
cristal. A vida na rua está chea de esponta-
neidade, vivo con vós os encontros impre-
vistos, e así atenúo a miña soedade, esta an-
gustia que me habita ao pensar no lugar sombrio
que alguén me tiña reservado para pasar os últi-
mos anos da vida.

COMO UN PARVO NUNHA BOTELLA

Ana Arellano

A luz situada
enriba da barra
atravesa unha
nube de fume
das hamburgue-
sas, e deixa ao des-
cuberto unha ringlei-
ra de cabezas adurme-
cidas entre o catsup e a mos-
taza.

Fronte a elas, do outro lado da
barra, a porta do frigorífico recolle as
miradas e dispersa ollos translúcidos en-
tre xelados e refrescos.

Equipada cos ollos de cristal, unha das bo-
tellas observa satisfeita aos clientes, consciente
de que o seu contido a fai diferente do resto.

Hai apenas uns minutos veu como, un mozo
acobadado sobre mostrador, humidecia os beizos
coa lingua.

Despois de tantos anos de pasear-se por bares e
cafés, coñecía á perfección a súa clientela; volta e
volta de sebo e pelo rapado sen nada de chicha por
dentro. Así que, aproveitou para se desprender len-
tamente do manto de frío que a cubría, e desli-
zar polo seu contorno suaves pingas de auga.

Foi xesto de abondo, sen pensalo dúas veces,
o mozo reclamou-na para si, e cando a tivo en-
tre as mans, cubriu cos beizos a boca dela, e,
ávido de desexo, pechou os ollos e aspirou
fondo o contido azucarado.

Todo aconteceu en apenas uns segun-
dos; bebeu seguido, sen separar a súa bo-
ca da dela, con tanta ansiedade, que non
se percatou do trasego de succións, até
que, apegado á última pinga de fría do-
zura, ela o enguliu para sempre.

E mentres alguén leva de novo a bo-
tella ao expositor do frigorífico, el obser-
va desconcertado como o mundo se vol-
ve verde e deforme. Mais axiña, a súa mi-
rada perde-se entre os destellos reflectidos
doutros ollos e os seus pensamentos adurme-
cen baixo o manto de xelo.

Agora, a botella acumula complacida miradas
de dentro e de fóra. Ninguén máis que ela coñece
ao compoñente segredo da Coca-Tola.



5 de abril

Sigo aquí. Ainda non sei mui ben como cheguei, pero xa entendin que deixei de ser noticia. Ninguén me presta atención. Os primeiros días si, todo o mundo mirava para min, algúns achegavan-se e os mais atrevidos provaban a falar-me. Pero agora xa non é así. A xente pasa polo meu lado sen mira, en canto viron que non era nada mais que isto que son, perderon o interese por min. Non me estrana. Até eu perdín o interese por min.

Xa nen sei cantos días levo aquí, pero creo que a ninguén lle importa, a min dende logo xa non me importa o mais mínimo. A todo se fai un. Os primeiros días foron duros, claro; pero agora xa non. O peor son as noites: vai frío e isto é mui estreito, pero é cuestión de resignación.

O que mais me preocupa é que se poña a chover. E xa é raro que aínda non choveses nengun dos días que levo así. Pero, se chove moito, ou se chove varios días seguidos, encherá-se todo de auga, eu non poderei respirar, e... morrerei afogado. Seguro que entón si que vira xente a mirar, e voltarán as cámaras de televisión e os xornalistas, ... Mañá intentarei falar cun policía para ver se pode facer algo; polo menos que alguén se preocupe e abra un paraguas en canto caian as primeirtas pingas.

6 de Abril

Por sorte, ocorreu-se-me falar hoxe cun policía. Dixen-lle o que me preocupava, o do paraguas por se chovia e todo iso, e dixo que miraría de facer algo, de falar con alguén... Parece-me que todo se vai quedar en nada. Pero iso non foi o peor. O peor foi o que me dixo despois.

Resulta que os seus "superiores" ordenaran-lle comunicar-me quen "tendo en conta que xa non existía preocupación social, e comprobado que eu non representava nengun tipo de perigo", decidiran retirar os policías que estaban sempre ao meu redor (non sei se para defender-me ou para que). O caso é que, a estas alturas, xa non lle intereso nen á policía, que é como dizer ao Ministerio de Interior, que é, a fin de contas, o Goberno, do que se desprende que xa non lle intereso ao Poder. Xa nen me queda a esperanza de que un científico tolo veña a estudar-me...

Xa non son nada. Nen os turistas veñen sacar-se fotos comigo. Que será de min dentro duns días?

8 de Abril

Onte choveu. Non moito, é certo, pero si o suficiente como para asustar-me. Chegou-me a auga até os artellos. Asustei-me e, ademais, pillei un resfriado.

Quixen avisar a alguén, pero xa non había policía, e a xente que pasava nen mirava para min. (Ás veces penso que bo é que aínda me teñen aquí, e non me mandaron a calquer almacén, ou a un vertedeiro...) O caso é que ninguén me fixo caso. Rápido deixou de chover, si, pero se non chega a parar xa nen o contava.

Logo pasei a tarde espirrando. Pero grácias a iso, unha persoa que andava por alí mirou para min e viu o que pasava: estaba empapado e había como trinta centímetros de auga aquí dentro. Dixo-me que non me preocupara e que agardara un intre. Voltou un ratiño despois con catro amigos mais. Entre todos conseguiron sacar a auga deitando-me lentamente, con moito cuidado, para non mancar-me. Logo puxeron un paraguas. Portaron-se mui ben, é certo...

Pero me deixaron un pouco preocupado. Comenzaron a falar de que se era unha vergonza que estivera así, tan abandonado, que se o Concello tiña que facer isto ou o de mais alá, que non estaba ben, e que isto e aquilo e que sei eu... Falaron de facer unha campaña para non sei que, e ir aos xornais, e recoller sinaturas, e un cento de cousas mais. Eu non me atrevín a dizer-lles nada, pero o certo é que non me gustou como se tomaron o asunto. Non me poderían deixar en paz?.

9 de Abril

Estiveron por aquí outra vez os de onte. Puxeron-se ao meu carón, cunha mesa na que recollían sinaturas para que o Concello tomara conciencia da miña situación e fixera todo o necesario para respetar e resguardar a miña dignidade como persoa e como ser humano, asegun dician nun panfleto que repartían entre os que por alí pasaban e que me permitiron ler. Entre outras cousas, explicaban a miña "necesidade urxente" de ser tratado como un cidadán perfectamente normal aínda que en circunstancias extraordinariamente especiais. Solicitaban que eu fose recoñecido como parte integrante fundamental da cidade, e que o Concello aprovara, inmediatamente, unha partida do seu orzamento para que poida realizar unha vida normal: ir ao traballo, coller un autobús, ver a televisión, ter un pouco de intimidade... Inclusive lembraban que dentro dunhas semanas haverá eleccións e que hai que garantir de algun xeito o meu democrático dereito e deber cidadán de participar... Non sei cantas cousas mais dician!.

Despois de tres horas de te-los alí, botava de menos cando ninguén me facía caso. Dixen-lles que lles agradecía todo o que facían, que eran mui amáveis, que isto estaba mui ben, pero que eu non o necesitaba. Non lles sentou mui ben. Puxeron-se como feras e, despois de meia hora de berros e insultos, marcharon con todos os seus bártulos.

Lamentavelmente, tamén levaron o paraguas. Iso si que o necesitaba. Seguro que chove hoxe ou mañá.

10 de Abril

Hoxe non choveu, pero viu un inspector de sanidade de parte do Concello. Mirou por todas partes, tomou unhas cantas notas e logo marchou, case non falou comigo. Non creo que vaia pasar nada bo.

COMO UN PARVO NUNHA BOTELLA

Igor Lúgris

A IGUALDADE EN DINAMARCA

! SUSANNE VOGELIUS / ANNETTE ROBSON (*)

Somos duas profesoras dinamarquesas dun instituto de Bachelato con 650 alumnos aproximadamente. O bacharelato (*studenterek-samen*) é unha educación de tres anos para xoves de 16 a 19 anos. Serve para solicitar praza na Universidade (5 ou 6 cursos), para carreiras intermedias (3 ou 4 cursos) e tamén é ventaxoso para entrar nalgunhas das carreiras curtas

O 60% do alumnado está formado por rapazas e a metade do profesorado está composto por mulleres. Unha carreira tipicamente feminina en Dinamarca é continuar despois do Instituto, unha carreira longa ou intermedia para quedar co posto fixo no sector público, por exemplo, como profesora.

As mulleres temos as mesmas posibilidades cós homes, mais moitas veces eliximos usa-las de xeito diferente. Isto comproba-se na elección de carreira e traballo, na distribución do tempo entre a casa e o traballo e na participación na vida política. De todos xeitos, estas diferencias están diminuindo progresivamente.



Anette.



Susanne.



EQUIPARACIÓN NA LEXISLACIÓN

Hoxe en día posuímos unha equiparación constitucional. Na Constitución de 1953 non se menciona a igualdade entre homes e mulleres, mais afirma-se que "todos os cidadáns" deben ser tratados igual. En 1978 tivemos un Consello de Equiparación e unha lei que deixa claro a igualdade de homes e mulleres. As consecuencias puidemo-las observar no permiso por maternidade. Os homes, agora, teñen dereito ao permiso de paternidade. Poden coller 2 semanas antes ou despois do parto co 100% do soldo e poden ter 10 semanas máis con algunhas restricións económicas. As mulleres teñen dereito a 4 semanas antes do parto e 14 semanas despois deste co 100% do soldo. Desde o ano 1994 tamén podemos pedir un ano por coidado dos fillos menores de 9 anos. Nestes permisos cobra-se o 80% do subsidio do paro e son utilizados moito máis polas mulleres (92%) ca polos homes.

A lei ten unha adición de 1990 que fixa o acoso sexual como delito e por tanto pode ser castigado.

É tamén de interese sinalar que durante a presidencia española da U.E., introduce-se en todos os países de Unión, o acceso ao permiso dos pais baixo as

Táboa 1: Evolución da Tasa de Ocupación por anos e sexos

País	Homes			Mulleres			Total		
	1973	1983	1992	1973	1983	1992	1973	1983	1992
Dinamarca	89,6	87,6	88,5	61,9	74,2	78,9	75,9	80,9	84,0
Alemania	89,6	87,6	78,9	50,3	52,5	58,6	69,4	67,5	68,9
Holanda	85,6	77,3	80,8	29,2	40,3	55,5	57,6	59,0	68,4
Suecia	88,1	85,9	83,2	62,6	76,6	79,1	75,5	81,3	81,2
España	92,9	80,2	74,8	33,4	33,2	42,0	62,7	56,6	58,4

condicións económicas que lles otorgue cada país. Foi o primeiro acordo baixo o protocolo do tratado de Maastricht.)

En 1976 regulou-se a Lei de "o mesmo soldo polo mesmo traballo e polo traballo que ten o mesmo valor". Do ano 1985 data a Lei que obriga que haxa tantas mulleres como homes en todos

os Consellos e Comités públicos e desde 1990 tiveron que considerar a porcentaxe Homes/Mulleres dentro do funcionariado.

Así que por Lexislación neste país temos Equiparación entre sexos. Aínda así hai terreos onde a práctica non harmoniza coa teoría.



Centro de traballo de Susanne e Anette en Dinamarca.

Táboa 2: Homes e Mulleres con Xefatura no Sector Privado en Dinamarca

Ano	2.1 NIVEL INTERMEDIO			2.2 ALTOS CARGOS		
	Homes Núm.	Mulleres Núm. %		Homes Núm.	Mulleres Núm. %	
1983	15.580	957 5,8		4.835	132 2,7	
1986	19.033	1.673 8,1		5.353	197 3,5	
1989	23.157	2.818 10,8		6.127	291 4,5	
1992	26.799	4.228 13,6		7.505	440 5,5	

Táboa 3: Mulleres con Xefatura no Sector Público, Dinamarca.

Ano	3.1 NIVEL INTERMEDIO			3.2 ALTOS CARGOS		
	Total Núm.	Mulleres Núm. %		Total Núm.	Mulleres Núm. %	
1983	1.635	153 9,4		338	9 2,7	
1986	1.692	182 10,8		313	11 3,5	
1989	2.172	374 17,2		338	17 5,0	
1991	2.181	409 18,8		335	23 6,5	

Fonte para todas as táboas: "Equality in Denmark", Ministry of Foreign Affairs, 1994.

IGUALDADE NO TRABALLO

Os países nórdicos teñen unha tasa de ocupación moi alta. Traballamos un 78,9% das mulleres, pero a taxa masculina é maior, un 88,5% (vid. táb. 1)

Ondes traballan as mulleres?

O mercado de traballo está máis ou menos dividido segundo os sexos. O soldo e o prestixio teñen tendencia decrecente ali onde hai moitas mulleres. Isto significa que continuamos cunhas diferencias de soldo importantes entre homes e mulleres.

As mulleres non cualificadas gañan o 90% do soldo comparado co dos seus colegas-homes. As mulleres con carreiras superiores gañan o 70% do que gañan os seus compañeiros. É no sector privado onde se nota especialmente tal diferenza. No ano 1991 as mulleres gañaron en total un 85 % do que cobraron os homes.

Sen embargo entre os anos 1983 e 1991 podemos comprobar os avances na ocupación de postos de responsabilidade por mulleres (vede táboa 2.1 e 2.2). Apreciamos que de ocupar un 5,8% no ano 1983 pasamos a un 13,6% no ano 1992 en xefas de nivel intermedio na empresa privada. E de ocupar o 2,7% no 1983 pasamos a ocupar o 5,5% no ano 1992 como altos cargos.

O paro tamén incide máis nas mulleres (13%) que nos homes (10%).

IGUALDADE NA EDUCACIÓN

A educación é o terreo onde a equiparación chegou a ser máis notábel. Actualmente as mulleres constituen a metade do estudiantado das Universidades ou Institucións semellantes. Nas facultades de Dereito e de Medicina son a maioría. Aínda así este feito non con-

duce a que se préeice máis a unha muller no seu emprego profesional. Pola contra é previsíbel, que no futuro as titulacións en Medicina e en Dereito teñan menos prestixio por estaren moi feminizadas, e os seu salários suban menos cós de outros sectores semellantes.

Cómpre que se valoricen máis aqueles traballos nos que a competencia das mulleres destaca: previsión social, a integración social e a capacidade para solucionar conflitos.

Pola mesma cumpriria que as mulleres accederan a postos máis altos tanto no sector privado coma no público e que aceptaran máis responsabilidades e o relativo poder que iso implica.

En moitos sectores o soldo define-se en parte polos suplementos persoais e as mulleres, nese caso saen perdendo ao non reivindicaren o salario que xulguen conveniente.

Non estamos decindo que as mulleres en Dinamarca sufran unha discriminación directa, senón que hai tratos e normas culturais desenvolvidos por homes en pequenos mundos masculinos que ás veces son difíciles de descifrar e que dificultan o éxito profesional das mulleres.

A ausencia de mulleres en postos de dirección (tanto no sector público coma no privado) vén provocada por razóns de tradición e de cultura máis que por causas de tipo persoal ou familiar.

A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NA POLITICA

O parlamento ten unha terceira parte de mulleres e no Goberno de 22 membros, 7 son mulleres, é dicir o 31%.

Escandinavia ten máis mulleres no Parlamento e no Goberno cós demais países europeos. Se observamos a participación electoral comprobamos que non hai diferencias entre homes e mulleres —aínda que no voto as mulleres decantan-se máis pola esquerda—.

O NOSO ENTORNO

As mulleres no sector do ensino somos conscientes de que o noso traballo non está prestixiado nin social nin economicamente. Neste sistema escolar a estrutura é bastante igualitaria



Instituto de Bacharelato (Studentereksamen).

entre o persoal docente. A única posibilidade de avanzar é ocupando a Dirección do Instituto. Só hai un 17% de mulleres como directoras de centros de secundaria.

Nós, profesoras de instituto de mediana idade fomos testemuñas dun cambio enorme nos centros de ensino desde que eramos alunas nos anos 60. Daquela os nosos profesores gozaban dun respecto considerábel: o do alumnado, o das familias e o da sociedade. A meirande parte deles vestía de traxe gris e garabata. Mesmo entre as poucas profesoras había, algunhas delas tamén levaban saia gris e unha chaqueta moi parecida á dos homes.

Agora todo é moito menos formal. O profesorado componse ao 50% de homes e mulleres, máis o Director que é un home.

Non percibimos nengunha discriminación entre os sexos na situación escolar que vivimos. Non se pon ningún obstáculo ás profesoras no desenvolvemento de tarefas de responsabilidade. Mais é curioso observar que o entusiasta do INTERNET é masculino mentres que a cabeza do grupo encargado da planificación pedagóxica é unha muller. Igual que a INTERNACIONALIZACIÓN do cen-

tro é encabezada por unha muller, mentres que un home é o encargado da sección de ordenadores. En materias de ciencias hai máis profesores e en linguas hai máis profesoras. Ve-se claramente que as nosas preferencias son ben distintas.

Nós pertencemos a unha xeración mulleres de clase media que disfrutamos da loita feminista dos anos 70. Hoxe os nosos homes ou compañeiros non poñen en dúbida o noso dereito a ter unha vida fóra da casa, e tampouco dubidan que o traballo da casa hai que facelo en común. As nosas fillas vén o futuro con confianza en si mesmas e están máis ou menos convencidas que cadaquén pode chegar ao nivel profesional que lle interesa. Mais debatendo estes asuntos en clase é curioso observar como lles costa —a rapaces e rapazas— comprender a problemática da desigualdade. Está claro que non pensan ou sofren a discriminación a cotío e que aínda non estiveron confrontados persoalmente con algún aspecto da Igualdade. •

(*) S. Vogelius é profesora de socioloxía e A. Robson é Profesora de Língua Inglesa e Língua Española.

Educación de adultos: "AS MULLERES QUEREMOS APRENDER"

A experiéncia do bairro de Vite en Compostela

! ROSA ALVAREZ PRADA

CONSIDERACIÓNS XERAIS

"A educación de adultos debe deixar de ser un sector marxinal, debe ter un lugar claro na política educativa e nos presupostos de educación, implicando unha articulación sólida entre o ensino escolar e a educación extraescolar". Estas son consideracións da Unesco nun informe onde recollía que a educación de adultos debe cubrir as distintas necesidades de cada país.

Ao falar de educación de adultos no país galego, imos referir-nos a dous problemas básicos: O Analfabetismo e o baixo nivel de estudos da poboación galega.

Con respecto ao analfabetismo, seguindo as definicións da Unesco, diferencia-se:

► Analfabetismo "Absoluto". "A situación da persoa incapaz de ler e escribir, e de comprender unha relación breve de feitos que atinxan a súa vida cotiá".

► Analfabetismo "Funcional". "A persoa incapaz de exercer tódalas actividades para as que a alfabetización é necesaria en interese do bo funcionamento do seu grupo e da súa comunidade e que lle permite a el/ela mesma ler, escribir e calcular en vista do seu propio desenrolo e da súa comunidade.

Táboa I: Analfabetismo "Absoluto" na Galiza segundo a Idade

IDADE	TOTAL	%	SEXO	%
10-14	2.114	2,56	Homes:	
15-19	1.334	1,61	21.183	1,7
20-24	1.302	1,52	Mulleres:	
25-34	2.771	3,35	61.315	4,7
35-44	3.463	4,19		
45-54	7.690	9,32		
55-64	12.821	15,54		
+ 65	51.003	61,82		
Total	82.498	100		

Fonte: Padrón Municipal (1986).

Táboa II: Analfabetismo "Funcional" na Galiza

PROVINCIA	TOTAL	%	HOMES	%	MULLERES	%
Coruña	270.813	32,63	111.031	28,33	159.783	36,47
Lugo	106.278	32,14	44.919	27,81	61.359	36,26
Ourense	163.278	47,24	73.252	43,80	90.465	59,44
Pontevedra	134.757	20,87	48.118	15,58	86.639	25,32
Total	675.566		277.320		398.242	

Fonte: Libro Branco. Educación de adultos.

O analfabetismo, en xeral, segue a ser un tema preocupante en toda Galiza, como se desprende ao analizar os datos das seguintes táboas, onde queda de manifesto que no caso das mulleres este problema está máis agravado. Hai máis de 82.000 persoas analfabetas "absolutas" das cales, de cada cinco, catro son mulleres; e máis de 675.000 analfabetas "funcionais", sendo mulleres o 60%.

É evidente que a educación de adultos nunca tivo un tratamento serio por parte da Administración, debido a que aos nosos gobernantes non lles interesou politicamente o tema. En base a estes datos, seguir pensando que a educación de adultos na Galiza pode ser tratada como unha mera campaña de alfabetización ou un simple curso illado resulta irrisorio. Compre ter vontade política para encarar o problema con seriedade e articular todo o sistema de educación de adultos de xeito que este teña a significación, a atención, o interese e os resultados que precisa, dado que a superación-eliminación do analfabetismo é imprescindible para acadar unha sociedade máis igualitaria e xusta.

POR QUE E COMO XORDE A ESCOLA DE ADULTOS DO BAIRO DE VITE?

Vite é un barrio da cidade de Compostela, basicamente de vivendas sociais que xorde nos anos 70. No mesmo concéntrase unha alta taxa de poboación inmigrada de zonas rurais e doutros barrios históricos da cidade. A súa poboación pertence maioritariamente a unha clase socio-económica media-baixa, cun nivel cultural baixo.

Dende o ano 1988, a Asociación de Veciños veu reivindicando unha escola de adultos para o barrio que paliase as deficiencias educativas dun sector da poboación. Neste senso elabora-se un proxecto que se presenta a distintas administracións (Concello, Xunta), que fixeron oídos xordos e non asumiron as reivindicacións do barrio.

No ano 1990, a Coordinadora de Barrio (formada por todas as entidades do mesmo) decide poñer a funcionar pola súa conta a Escola de Adultos de Vite co obxectivo de ofertar canles de información-formación para as persoas que desexasen ampliar o seu nivel cultural e promocionar e crear bases ins-

trumentais que revertesen nunha mellor calidade de vida, prestando especial atención aquelas persoas máis desfavorecidas no eido educacional. Ponse en marcha sen ningún tipo de apoio da Administración, contando só cos recursos propios e asumindo tódolos custes dende o barrio. Dende entón, continua aberta, sendo unha actividade valorada moi positivamente ao longo destes anos enmarcada nun proxecto global de dinamización e estruturación social do barrio.

ALGUNHAS COUSIÑAS DA ESCOLA DE ADULTOS DE VITE

Ainda que a Escola sempre foi aberta a tódolos adultos do barrio, dende o comezo a asistencia masiva foi de mulleres. Estas pertencen a unha clase social media-baixa, adicanse, moitas delas, a facer traballo doméstico por horas ademais dos labores da súa propia casa. As súas idades oscilan entre os 18 e os 75 anos, sendo a maioría maiores de 45. Algunha destas mulleres nunca estiveron escolarizadas e outras abandoaron a escola moi cedo (aos 10-11 anos).



Local social de Vite.

Nestes anos participaron na Escola de Adultos máis de 60 mulleres. Esta alta participación vén dada, por un lado, a que a propia necesidade que elas sentían por aprender cousas, se lles ofertaba no seu entorno, pois descoñecían outros centros, e se os coñecían sentían vergoña de ir a un lugar que non lles fose familiar; por outro lado, pola labora que dende a Coordinadora se realizou para que a iniciativa chegase a persoas interesadas, espallando esta polo bairro, de boca en boca, e así unha amiga animaba a outra, unha veciña a outra, ... e despois de seis anos a escola é un lugar de encontro, elas senten-na como algo propio, e non lles dá vergoña dicir: "marcho que teño clase", "as avoas tamén imos á escola", etc. cousa que antes ocultaban.

NA ESCOLA DIFERENCIAN-SE TRES GRUPOS:

Un grupo formado por mulleres con analfabetismo "absoluto" que tiñan un descoñecemento total de lecto-escritura, en matemáticas realizaban algún cálculo mental e intuitivo motivado pola súa práctica da vida cotiá. Acoden a escola coa idea de aprender a ler e escribir, carencia que consideran importante superar para desenvolver-se mellor na vida. Neste grupo a súa idade oscila entre 50 e 75 anos. Algúns comentarios delas moi ilustrativos son:

► Ten 73 anos: "Quixen vir a aprender a ler e escribir porque unha vez que ensinan eiquí ao lado da casa quero aprender. A min de pequena nunca me mandaron á escola, tiven que traballar

no campo e coidar dos irmáns. Antes vivía na casa o meu fillo o meu home e mais eu; o fillo lia-me as cartas e os papeis, pero agora o fillo marchou e o meu home non me quere ler as cartas, non me di o que poñen. Veño a escola a escondidas del, el non o sabe senón non me deixaría".

► Ten 68 anos: "O meu home non quería que viñese á escola, dába-lle vergoña dicir-lles aos que van con el ao bar que eu viña aprender a ler e escribir, dicía-me que aos meus anos nunca aprendería".

► Ten 75 anos: "É moi difícil describir o que unha sente cando aprendes a ler e pór o teu nome aos setenta e pico de anos. ¡A pena foi non aprender antes!".

O segundo grupo está formado por mulleres que tiñan uns mínimos coñecementos básicos de lecto-escritura e cálculo. O seu interese pola escola, ao principio, centraba-se en aspectos como ter boa ortografía. Neste grupo imparte-se unha "educación non formal" (definida esta como o conxunto de procesos formativos organizados, e que non teñen por meta alcanzar unha titulación académica, polo menos de maneira inmediata) que engloba aqueles temas da vida cotiá que a elas lles preocupan; exemplo: Certificar unha carta, entender un recibo, becas dos fillos, cubrir un impreso, coñecemento de especialidades médicas, ler e entender o periódico, en xeral, acadar unha maior formación persoal. Algún comenário feito por elas:

► Ten 45 anos: "Quero aprender a ler e escribir sen faltas, quero aprender de todo, para discutir de cousas co meu

home, cos meus fillos/as e falar cando vou a algun sitio sen que faga o ridículo, quero estar segura do que digo".

► Ten 51 anos: "O meu marido mandaron-no a escola até os 14 anos, pero eu ía un día si e un non, e aos 11 anos xa non me mandaron máis, tiven que coidar dos irmáns pequenos, sen embargo tiña un irmán maior e si que o deixaron ir á escola até os 14 anos".

En xeral, estas mulleres que acoden a escola comentan que os seus maridos saben máis ca elas, senten como un complexo de inferioridade con respecto a eles. Está diferenza entre o analfabetismo feminino e masculino reside na carencia educativa que as mulleres sufriron anos atrás, derivado dunha cultura totalmente machista. As mulleres non precisaban ir á escola, non tiñan porqué aprender, estaban destinadas ao matrimonio e chegaba con que soubesen realizar os traballos da casa e do campo.

O último grupo son mulleres cunha media de 40-50 anos, que acoden a escola co interese de poder preparar-se para acadar o título de graduado escolar. Prantexan isto como unha necesidade, dado que queren acadar o título para conquistar un posto de traballo mellor remunerado. Algunha sente esta necesidade porque os seus maridos quedaron no paro e elas teñen que afrontar o factor económico familiar.

Ao marxe das actividades da aula para cada grupo realizan-se outras actividades complementarias para todas as participantes da escola, como saídas, visitas culturais a distintos sitios de interese que resultan para todas moi importantes, ademais de vivi-las como unha aven-

PUBLICIDADE

LIBRERIA
Babel

R. Venezuela, 45
Tel: 43 48 01 Vigo



Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

librería
abraxas

R. Montero Rios, 50
Tel: 58 03 77 - 58 05 87 Santiago



Unha cea da escola de adultos.

tura o saír un día da súa casa, algo que parece tan simple, e que vén facer aos seus fillos/as e maridos, pero que elas non tiveron oportunidade de facer.

ALGUNHAS REFLEXIÓNS FINAIS

A experiencia de Vite di-nos que a medida que na escola de adultos, as mulleres van satisfacendo as súas expectativas persoais iniciais polas que acudiron, fóron-se prantexando outras expectativas culturais, descubrindo elas, deste xeito a importancia do feito cultural dentro das súas relacións persoais e sociais, e descubrindo diariamente necesidades novas. Neste senso, a maior parte delas levan os seis anos na escola, empezaron por aprender a ler e escribir, e logo van descubrindo outras necesidades polas que continuar o seu proceso formativo. Actualmente están máis sensibilizadas e implicadas coa dinámica xeral de actividades de tipo cultural, educativo, sanitario, etc. no seu entorno. Supuxo para elas unha maior integración social e algunhas abriron vías de integración laboral.

En definitiva, entendo que a educación de adultos ten que ter un carácter "compensatorio e permanente". A nosa sociedade, o noso medio social, está en constantes cambios acelerados, e son necesarios modelos educativos que vaian na procura dunha mellor calidade de vida, e adquirir formas de actuación nas

"(...) empezaron por aprender a ler e escribir, e logo van descubrindo outras necesidades polas que continuar o seu proceso formativo.

"(...) Supuxo para elas unha maior integración social e algunhas abriron vías de integración laboral."

que a relevancia que collen os avances sociais non sobrepasen a capacidade da persoa. É preciso confiar nas posibilidades que teñen as mulleres de progresar durante toda a súa vida, tanto no plan do seu desenvolvemento persoal como na relación coa súa actividade na vida social. Neste senso, non chegan as aprendizaxes que respondan a modelos ríxidos, senón que é necesario desenvolver por riba dos coñecementos, os procesos de pensamento, reflexión e análise que permitan a adaptación permanente das mulleres ás presións cotiás do medio e aos cambios que nel se producen. Estas necesidades fan-se imprescindibles para moitas mulleres que non tiveron no seu día a posibilidade de acceder a unha educación formal; abonda que lles faciliten hoxe poder utilizar a cultura para conquistar unha maior integración e satisfacción no mundo persoal-social e do traballo, co espertar das súas conciencias e potencie a reflexión sobre o papel e lugar que ocupan para eliminar moitas inxusticias e dalgunha maneira participar no cambio social necesario desta sociedade. •

FALAR NOSA...

FALAR NOSA...

! LOLA FERREIRO

Hai moi pouco tempo que coñezo a Clara. En realidade xa pasaron anos desde que a comecei a ver, a escoitar e mesmo a ter trato con ela... pero coñecela, coñecela... hai moi pouco tempo.

A primeira vez que a vin, eu era moi nova. Clara era xa entón unha muller maior, pero non sabería dicir cantos anos tiña, porque é destas persoas de idade indefinida, tan indefinida que coido que nin ela mesma sabería dicilo con precisión... O certo é que me impactou moito... e iso si que non me pasaba con frecuencia. Polo regular, as persoas máis admiradas "¡¡¡pola súa ideoloxía, pola súa liña, polo seu compromiso, traxectoria persoal...!!!", non me suscitaban ese tipo de enganche..., ao menos as que coñecía persoalmente... non sei por que, pero era así... Sen embargo, Clara non me fixo saltar ningunha desas alarmas que parecían saltarme normalmente... semellaba... unha muller que se podería ubicar en calquera época... pero que en calquera época tería algo especial... coma se non dese encaixado nunca no contexto.

Agora que a coñezo, doume de conta dalgunhas cousas que deberon ter moita importancia naquela impresión que me causou. A Clara non se lle pode aplicar cliclé convencional ningún. Non pode ser valorada a partir de criterios comúns. A ningún se lle ocorren calificativos

nin cualidades desas que se usan para o resto da xente, como simpática, ou sociábel, ou intelixente, ou guapa... pero non pasa nunca desapercibida. Resulta curioso que cando se fala dela a xente non sexa capaz de expresar coas palabras quen é Clara, nin como é Clara.

Lembro a primeira vez que estiven na súa casa... había bastante xente, estábamos a falar... ou mellor dito estaban a falar, porque eu non me atrevía a dicir nada... tiña a sensación de que as miñas opinións, non sempre de acordo coas que escoitaba alí, non estaban fundamentadas dabondo... e puidese dicir algún disparate... deses que dicimos ás veces cando opinamos sen ter idea do que se está a falar... ¡uf!, imaxino as caras que poñerían... eses medios sorrisos de conmisericación... non collía dúbida... eu non estaba á altura das circunstancias, ou non me consideraba á altura das circunstancias..., que ben sendo o mesmo.


No medio da conversa, Clara levantouse e saiu do cuarto sen dicir palabra. Fíxoo dunha maneira moi particular, sen interromper a conversa... foi coma se ningún se dese de conta... eu si, claro, eu fixeime. Era a primeira vez que vía algo así e chamoume a atención. Non pensei que fose buscar unha cousa, ou beber un vaso de auga, ou facer pis, porque entón non me impresionaría... algo me indicou que marchaba... e nos deixaba soas... ¡na súa propia casa! e,

sobre todo, esa sensación de que quedabamos soas... Mirei para as demais e vin que ninguén manifestaba asombro... por suposto, tampouco repararon na miña sorpresa e eu non fun quen de dicir nada. Tardou máis de unha hora en volver e cando chegou tampouco pronunciou palabra... simplemente, incorporouse á conversa... parecía que non perdera o fio... coma se non se movera do seu sitio... e isto tampouco pareceu que causase sorpresa ningunha.

Clara téñ un cuarto que é dela soa. Alí non entra máis ninguén. No resto da casa si, por alí ía e vai moita xente, e todo o mundo fai uso, das cousas con toda liberdade, pero o seu cuarto é só para ela... sempre foi así. De vez en cando retírase para alí... como se tivese algo moi importante e moi urxente que facer nese momento... e realmente teno, pero non é unha desas que as demais entendemos coma urxentes ou importantes, e que moitas veces facemos por obriga, ou porque quedamos en facela, deixando outras que realmente nos gustan... Ela non téñ ese tipo de prioridades. Simplemente vai para o seu cuarto cando quere estar un pouco consigo mesma... nunca para estar soa, porque realmente non quere... simplemente quere estar un pouco consigo mesma...

Naquel tempo, eu estaba sempre desexando ter a oportunidade de ir á súa

CON NOS



casa. Se sabía que alguén da súa confianza ía ir, apuntábame enseguida... alí sempre había xente e eu sentábame a escoitar... falaban de cousas moi interesantes... e dicían cousas que a min me abraiaban... moitas veces teño pensado ¡quen me dera poder falar eu así destes temas!

Un día atopeina pola rúa. Cando a vin, de lonxe, pensei que non me ía coñecer... as veces que estivera na súa casa fora con outras persoas e como alí había sempre xente tan importante, crin que non repararía en min. Cando xa estábamos moi perto, saudoume e díxome *xa hai dúas semanas que non ves pola casa ¿pasouche algo? ...quedei coma tonta... nnnnon... e que estou estudiando... porque teño exames...* foi o que me saíu. Era verdade que estaba estudiando, pero non pasara sen ir á súa casa por iso, a verdade era que non coincidira con ninguén que fose, e eu soa non me atrevía... coidaba que nin sequera me ía coñecer cando chegase... *¿E logo cando téis exames non ves a ninguén?... pois se che peta descansar un pouco, podes vir tomar un café...*

Así comezou a cousa. Ao primeiro, o que máis me preocupaba era chegar

alí e que non houberse xente. Eu non me atrevía a dicir nada... nin sequera a preguntar... e iso que había ben cousas que me gustaría saber... pero todo isto só me preocupaba a min... ...o caso era que, aínda que non estivese ninguén, sempre había algo impedía que eu me sentise mal... e estou segura de que ese algo estaba no que facía e dicía Clara. Era coma se se dese de conta, como se anticipase o meu malestar.

Co paso dos anos fun medrando, segurizándome e atrevéndome, polo menos iso era o que eu pensaba, poque cría que atreverse era o mesmo que estar segura... Coidaba que coñecía a Clara, pero en realidade so identificaba esa imaxe que daba ela, que me seguía parecendo algo único. Nunha ocasión, comenteille que cavilaba moitas veces na súa maxia. Falei de maxia porque tiña a impresión de que era así... algo que transcendía do normal, que era enveixábel... e á vez inalcanzábel... *...parece que non te agobiaras nunca, nin sequera cando che pasa algo que ás demais nos faría arrepíar... eu creo que sabes unha chea de cousas, pero que non as contas, porque non sintes a necesidade de contalas... nin se-*

quera te escoito opinar case nunca... e estou segura de que sempre téis opinións para dar Non se sorprendeu, en realidade nunca se sorprendía, era coma se sempre anticipase o que se ía dicir... *...¿por que me dis todo iso? ...porque me gustaría moito saber todo o que non sei de tí...*

En realidade, o que eu quería dicir era que me gustaría ser así, desá maneira. Clara pareceu que adiviñase o meu pensamento... *e logo ¿non che gusta como eres?. Non, non me gustaba moito, sobre todo cando a vía a ela... non, non moito, sobre todo algunhas veces... e ademais non sei por qué...*

Non era iso... máis ben non quería expresalo. *¿Tés pensado moitas veces por que eres coma eres..., ou por que non eres doutra maneira? ...¡claro!. Era iso... o que facía era buscar as razóns de por qué eu non era doutra maneira... E entón, ¿como che gustaría ser?. Non cho sei explicar, nin sequera o sei eu ben. Non é doado de dicir... creo que me gustaría ser coma tí... como falas... como pensas...*

– *¿E non che gustaría sentir...?. Non o que eu sinto, senón sentir..., coma min.*

– *Eu non sei como sintes*

– *¿Estás segura?*

¡Claro, outra vez!. O que sabía era que Clara sente, primeiro de nada... e déixase sentir... o demais vén despois... pode falar e pensar, pero sempre despois de sentir..., pero saber como fai para iso... xa é máis complicado... non se pode expresar con palabras, nin se pode pensar con pensamentos comúns, deses que nos ensinaron que se poden razoar despois....

- Proba a dicir como sentes
- Non podo... non o sei expresar...
- Si que podes ¿como te sentes agora mesmo?
- Agora mesmo... moi ben...
- ...pois iso
- ...pero nada máis...
- ...nin nada menos...

Si, notaba unha sensación desas que non se poden razoar... pero era moi boa... o malo sería cando non fose tan boa...

- ...¿e cando sintas algo que non me guste?
- O mesmo... déixate sentila... despois xa saberás o que é...

Aí comecei a coñecer a Clara. Curiosamente non me entraron ganas de ir a cada momento á súa casa, nin de estalle preguntando sempre cousas e máis cousas... era todo moito máis sinxelo. Prefería experimentar esa maneira de vivir, que para min era nova... e comecei a comprender esa necesidade dun cuarto propio...

As conversas con Clara cambiaron de ton... ela falaba moito máis que antes, e dicía que lle gustaba facelo... Clara, ¿ti non sentes medo?... Sorriu, ...¿por que o preguntas?... ¿porque eu sintoo ás veces, e gustaríame non sentilo..., ...¿e a que lle

tes medo?... ¿...a moitas cousas..., e ademais preguntei eu primeiro e isto si que quero que mo contes, por favor, contéstame... ¿nin sequera sentiches medo no trinta e seis?...

A min parecíame que aquilo debeu ser unha situación extrema... era un tema que a me atraía moito, do que tiña lidas moitas cousas... pero case nunca se falaba do medo que pasaba a xente, sobre todo a xente perseguida..., e Clara e máis a súa familia estiveran perseguidas...

¿Como que nin sequera? Si, pasei moito medo. A resposta deixóume pasmada. ¿e agora, sentes medo?. Quedou pensativa un momentinho... Debería contártache conforme ti me preguntaches... fixo un xesto de guasa e xesticulou dun xeito teatral "agora non estamos no trinta e seis". Eu, que xa sabía ese código, continúei nel... ¿e se estivésemos...?. Non o sei... ¿como!... nunca te paraches a pensalo?

Si, notouse que se parara a pensalo. Cambiou de rexistro. ...pareime a pensalo, pero non o sei...

- ...e iso ¿non che produce...?
- ...¿non me produce que... medo?...
- ...si

Non, non me produce medo, pero seguro que mo produciría se pensase que non o ía ter... sentiríame tonta, e iso si que me daría medo, tanto medo, que ao mellor deixaba de sentir como agora..., en lugar de sentir pensaría... esas cousas lóxicas que fai a outra xente. Pero, de momento, iso non me pasa, cando sinto algo que me chama... e vou para o meu cuarto, déixome sentir... aínda que sexa medo, e despois pregúntome por que o teño... ...as veces

atopo a resposta e outras veces non..., pero sempre que teño medo, seino... ...nunca o confundo con outras cousas...

Aquilo deixóume pensativa... ¡claro!... ás veces temos medo e non o sabemos... pensamos que sentimos outra cousa distinta... e nin sequera somos quen de recoñecelo cara a nós.

A partir dese momento, foi coma se puidese empezar a ter conversas comigo mesma... aparentemente foi repentino... estaba eu soa, ou iso cría, e facíame preguntas, miles de preguntas, sobre unha serie de cousas ata o esgotamento... ...nun momento dado, sentín como se alguén me contestase... ...non había ninguén, ademais, non sentía unha voz, pero era coma se dentro da miña cabeza se estivese producindo unha conversa. Non me producía angustia, nin medo, nin tampouco me parecía que estivese toleando. Era algo completamente normal. Deime conta de que falaba comigo mesma e gustóume. Iso foi cando realmente empecei a preguntarme cousas, a querer sabelas... Do primeiro que me decatei foi de que, ata ese momento, me facía preguntas que non me quería contestar, senón que quería pensar simplemente o que eu diría se mas fíxese outra persoa. Coido que quería que as outras persoas soubesen o que eu pensaba. Pero non o que eu sentía, porque iso nin sequera quería sabelo ben eu. E así comecei a querer falar comigo mesma moitas veces, a ter longas conversas...

A partir de aí comecei a coñecer a Clara... •

PUBLICIDADE


Librería



Michelena

R. Michelena, 22
Tel: 85 87 46 Pontevedra

librería
couceiro



R. República de el Salvador, 9
Tel: 56 58 12 Santiago

TARASCA



Entremuros, 13
Compostela • Galiza

RECEITAS PARA SORPRENDER



FABES BRANCAS EN SOLITARIO

Chaman-se-lle "fabes" ás grandes, de tres anos; no caso de non atopalas, poñer no seu lugar as da fabada asturiana.

Para 4 persoas:

- ✦ 1/2 quilo de fabes
- ✦ 2 cebolas medianas
- ✦ 2 cenouras
- ✦ 1 pemento verde
- ✦ 1/2 pemento vermello
- ✦ 2 tomates medianos
- ✦ 1 cabeza de allos enteira e limpa
- ✦ 1/2 vaso (dos de auga) de aceite de oliva
- ✦ 1 migalla de pementa moida

Poñer nunha pota as fabes (non precisan remollo), engadir-lle a metade das cebolas, o pemento verde e vermello e os tomates, todo troceado; botar-lle a cabeza de allo, o aceite e a migalla de pementa, todo en cru. Cubrilas de auga e poñer ao lume 15 minutos fervendo. Despois manter 45 minutos a lume lento. Fica máis exquisito, se cabe, facendo-o a véspera.

CREMA DE MORANGOS

Un postre moi do momento.

Cousas necesarias para 4 persoas:

- ✦ 1/2 litro de nata líquida
- ✦ 1/2 quilo de morangos
- ✦ 1 vaso mediano de auga de porto
- ✦ Canela en pó
- ✦ 1/2 vaso de azúcar (dos de auga)




Nunha pota xuntar os morangos, a nata e máis o porto

Bater todo de forma que quede espesa pero, ollo!, non nata montada, cachades, non?.

Nunha fonte, vertelo e salferir a canela

Por suposto, toma-se frio

Como suxestión, vai-lle ben un bo peixe na grella e regalo todo con un bon "Terras Gauda".





CMIDM
CENTRO MUNICIPAL
DE INFORMACIÓN
DOS DEREITOS
DA MULLER

Pintor Lugoís 5. 36211 VIGO
Tfno. e fax. 29 39 63

HORARIO:
De luns a venres de 9 a 14h
Luns e xoves de 17 a 20h.

**CASA DE
ACOLLIDA
DE MULLERES**

CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES
MALTRATADAS

Tfno. 29 39 63

HORARIO: Permanente

DE MULLER A MULLER

A solución máis doada

O Concello de Vigo
conta con servizos adicados a
axuda-las mulleres,
todos eles totalmente
GRATUÍTOS



Concellería da Muller
Concello de Vigo

*¡Toma boa nota!
Están á túa disposición*

BIBLIOTECA

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN



García Barbón 30, 5º. OFIC. 8
36201 VIGO
Tfno. e fax. 43 94 59

HORARIO: de luns a venres
DE 10 a 14h e de 16 a 20h.



**CENTRO DE
INFORMACIÓN
PARA O
EMPREGO**

MULLERES XOVES AREA

Rúa Luis Braille, 6. 36203 VIGO
Tfno. e fax: 22 42 31 / 22 34 32

HORARIO: De luns a venres: de 9 a 14.30h.
Os luns de 14 a 20h.

Kanguros



**MULLERES
PROGRESISTAS**

Policarpo Sanz 12, 3º.
36202 VIGO
Tfno. e fax. 22 06 60

HORARIO: De luns a venres
De 10 a 13h e de 16 a 19.30h.

Puntos de venta de ANDAINA

A CORUÑA

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12
Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78
Librería Didacta
Avd. Rubine (Galerías)
Librería Lume
Rúa Fernando Macías
Kiosko da Casa do Mar
Kiosko da Praza de España

PONTEVEDRA

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

OURENSE

Librería Ronsel
Rúa da Paz, 19
Librería Tanco
Jose Antonio, 70 (Paseo)
Librería La Región
Calvo Sotelo, 15 (Paseo)

SANTIAGO

Librería Couceiro
República del Salvador, 9
Librería Abraxas
Montero Ríos, 50
Librería Artico
Rúa do Villar, 49
Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55
Baba. Area Central
El Kiosko. Area Central

VIGO

Librería Babel
Venezuela, 45

MONFORTE

Librería Mapa
Librería Xistral

ALGÚNS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERÉSE

A CORUÑA

Asamblea de Mulleres da Coruña
Cantabrico, 10 baixo ☎ (981) 21 35 42

Centro de Información dos Dereitos da Muller
Polígono de Elviña (zona de Birloque s/n)
☎ (981) 28 20 44

SANTIAGO

Asociación Galega da Muller - AGM
Pexego de Arriba, 29-2º ☎ (981) 58 81 01

Servicio de Asesoramento das Mulleres
(Concellería da Muller)
Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores
e venres de 17 a 19 h.
Acebechería, 16 - 2º ☎ (981) 57 14 61

VIGO

Coordinadora Feminista de Vigo
Colon 9-1º - Oficina-4 ☎ (986) 20 84 03

Alecrín
Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.
García Barbon, 30 - 5º - Oficina-8
☎ (986) 43 94 59



Casa da Muller (Centro Municipal de
Asesoramento dos Dereitos da Muller)
Pintor Lugris, 5 ☎ (986) 29 39 63

Plataforma de Madres en Acción
Pizarro, 53-5º D. ☎ (986) 41 79 76

VILAGARCIA DE AROUSA

Asamblea de Mulleres de Arousa
Doctor Carus, 7 - Oficina-G. Ed. León XII

PONTEVEDRA

Asesoría Xurídica Mulleribus
Asamblea de Mulleres de Pontevedra
Benito Corbal, 36-1º
☎ (986) 86 50 28
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.

Xanela
Apartado 90
36810 Redondela

OURENSE

Asociación Galega da Muller
Apartado 679
☎ (988) 22 35 19 / 21 25 27

S.G.P.I.H.M.
Servicio telefónico de asesoramento gratuito
900-400 27




SOLIDARIEDADE

Comité Cidadan Galego ANTI-SIDA

Teléfono: (981) 57 34 01

Fonte de San Miguel, Nº 2 baixo
SANTIAGO

LOU **ANDREAS** **SALOMÉ**



LOU **ANDREAS** **SALOMÉ**

COINCIDINDO COA ABOLICIÓN DA ESCRAVITUDE na Rúsia, nasce en San Petersburgo un 12 de Febreiro de 1861 Lou Andreas Salomé.

Lou viveu nunha Europa en pleno apoxeo político e intelectual. Ela afrontou-se con todos os convencionalismos e tradicións do seu tempo.

Era unha muller inxeniosa, orixinal e bela, o que atraía aos homes máis relevantes da súa época (Nietzsche, Rilke, e Freud entre outros).

Conviveu con Rilke 6 anos e inspirou-no en moitas das súas obras, as conversas que mantivo con Nietzsche anticiparon o existencialismo filosófico, tamén foi colaboradora e amiga persoal de Freud, sendo unha das primeiras mulleres que se adicaron á psicoterapia.

Lou Andreas Salomé publicou uns 20 libros, entre eles un estudo feminista (o primeiro) sobre as mulleres de Ibsen.

Morre a comezos de 1937 en Gotinga (Alemaña). É en 1951 cando se publica a súa autobiografía "Mirada retrospectiva".